

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 5 de marzo de 2007

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D. José Manuel Couto Pérez
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTE:

D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cinco minutos do día cinco de marzo de dous mil sete e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Figueroa Dorrego.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(293).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse a acta da sesión ordinaria do 12.02.07 e extraordinaria e urxente do 16.02.07. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(294).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 431/06 INTERPOSTO POR D. MANUEL VARELA GÓMEZ CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. RECURSO INADMITIDO.

Dáse conta da sentenza de data 7.12.06 do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo inadmitir e inadmito a demanda, formulada por Abraham Tenoira Reina, en nome e representación de Manuel Varela Gómez, contra a multa imposta no expediente 058642182, por importe de 64,40 €, por un estacionamento en dobre fila sen conductor, que foi aboada polo recorrente o día 10.02.06, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Tráfico e Recadación Executiva.

3(295).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 496/06 INTERPOSTO POR D. ANEL RODRÍGUEZ ATILLO CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. RECURSO INADMITIDO.

Dáse conta da sentenza de data 7.12.06 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo inadmitir e inadmito a demanda, formulada por Abraham Tenoira Reina, en nome e representaicón de Anel Rodríguez Atillo, contra a multa imposta no expediente 068615413, por importe de 31,50 €, por un estacionamento en lugar donde estaba prohibida a parada, que foi aboada polo recorrente o día 15.03.06, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Tráfico e Recadación Executiva.

4(296).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 436/06 INTERPOSTO POR Dª. MERCEDES ALVAREZ RIOBÓ CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. RECURSO INADMITIDO.

Dáse conta da sentenza de data 7.12.06 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo inadmitir e inadmito a demanda, formulada por Abraham Tenoira Reina, en nome e representación de Mercedes Alvarez Riobo, contra a multa imposta no expediente 068619320, por importe de 31,50 €, por un estacionamento en parte da vía reservada ó tránsito de peóns, que foi aboada polo recorrente o día 3.03.06, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Tráfico e Recadación Executiva.

5(297).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 441/06 INTERPOSTO POR D. DEMETRIO MATEO GAYA CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. RECURSO INADMITIDO.

Dáse conta da sentenza de data 7.12.06 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo inadmitir e inadmito a demanda, formulada por Abraham Tenoira Reina, en nome e representaicón de Demetrio Mateo Gaya, contra a multa imposta no expediente 068601453, por importe de 63,70 €, por un estacionamento en zona de carga e descarga, que foi aboada polo recorrente o día 04.04.06, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Tráfico e Recadación Executiva.

6(298).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 471/06 INTERPOSTO POR D. MANUEL PITA FERREIRA CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. RECURSO INADMITIDO.

Dáse conta da sentenza de data 7.12.06 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo inadmitir e inadmito a demanda, formulada por Abraham Tenoira Reina, en nome e representación de Manuel Pita Ferreira, contra a multa imposta no expediente 058633776, por importe de 105 €, por un estacionamento en dobre fila sen conductor, que foi aboada polo recorrente o día 14.03.06, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Tráfico e Recadación Executiva.

7(299).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 476/06 INTERPOSTO POR D. ALBERTO MARTÍNEZ ALONSO CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. RECURSO INADMITIDO.

Dáse conta da sentenza de data 7.12.06 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo inadmitir e inadmito a demanda, formulada por Abraham Tenoira Reina, en nome e representación de Alberto Martínez Alonso, contra a multa imposta no expediente 058642501, por importe de 105 €, por un estacionamento en dobre fila sen conductor, que foi aboada polo recorrente o día 8.03.06, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Tráfico e Recadación Executiva.

8(300).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 501/06 INTERPOSTO POR D. JOSE MANUEL LARREA GONZÁLEZ CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. RECURSO INADMITIDO.

Dáse conta da sentenza de data 7.12.06 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo inadmitir e inadmito a demanda, formulada por Abraham Tenoira Reina, en nome e representación de José Manuel Larrea González, contra a multa imposta no expediente 068602108, por importe de 105 €, por un estacionamento en dobre fila sen conductor, que foi aboada polo recorrente o día 8.03.06, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Tráfico e Recadación Executiva.

9(301).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 486/06 INTERPOSTO POR Dª. MIRIAM VISO CARRERA CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. RECURSO INADMITIDO.

Dáse conta da sentenza de data 7.12.06 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo inadmitir e inadmito a demanda, formulada por Abraham Tenoira Reina, en nome e representación de Miriam Viso Carrera, contra a multa imposta no expediente 068635886, por importe de 105 €, por un estacionamento en dobre fila sen conductor, que foi aboada polo recorrente o día 30.05.06, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Tráfico e Recadación Executiva.

10(302).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 450/06 INTERPOSTO POR D. JOSE CAL ATAN CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. RECURSO INADMITIDO.

Dáse conta da sentenza de data 7.12.06 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo inadmitir e inadmito a demanda, formulada por Abraham Tenoira Reina, en nome e representación de José Cal Atán, contra a multa imposta no expediente 058535087, por importe de 105 €, por un estacionamento en dobre fila sen conductor, que foi aboada polo recorrente o día 8.02.06, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Tráfico e Recadación Executiva.

11(303).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 460/06 INTERPOSTO POR D. DEMETRIO MATEO GAYA CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. RECURSO INADMITIDO.

Dáse conta da sentenza de data 1.12.06 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo inadmitir e inadmito a demanda, formulada por Abraham Tenoira Reina, en nome e representación de Demetrio Mateo Gaya, contra a multa imposta no expediente 068613393, por importe de 63,70 €, por un estacionamento en dobre fila sen conductor, que foi aboada polo recorrente o día 4.04.06, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Tráfico e Recadación Executiva.

12(304).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 458/06 INTERPOSTO POR D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ ABALDE CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. RECURSO INADMITIDO.

Dáse conta da sentenza de data 1.12.06 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo inadmitir e inadmito a demanda, formulada por Abraham Tenoira Reina, en nome e representación de Antonio Sánchez Abalde, contra a multa imposta no expediente 05644920, por importe de 64,40 €, por un estacionamento onde está prohibida a parada, que foi aboada polo recorrente o día 9.02.06, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Seguridade e Recadación Executiva.

13(305).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 455/06 INTERPOSTO POR D. PABLO FRANCISCO MADERA SEOANE CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. RECURSO INADMITIDO.

Dáse conta da sentenza de data 1.12.06 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo inadmitir e inadmito a demanda formulada por Abraham Tenoira Reina, en nome e representación de Pablo Francisco Madera Seoane, contra a multa imposta no expediente 068602480, por importe de 64,40 €, por un estacionamento en dobre fila sen conductor, que foi aboada polo recorrente o día 27.03.06, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Seguridade e Recadación Executiva.

14(306).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 453/06 INTERPOSTO POR Dª. NURIA GARCÍA PEREZ CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. RECURSO INADMITIDO.

Dáse conta da sentenza de data 1.12.06 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo inadmitir e inadmito a demanda formulada por Abraham Tenoira Reina, en nome e representación de Nuria García Pérez, contra a multa imposta no expediente 068647106, por importe de 105 €, por un estacionamento en dobre fila sen conductor, que foi aboada polo recorrente o día 28.04.06, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Seguridade e Recadación Executiva.

15(307).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 448/06 INTERPOSTO POR D. ANDRÉS MENCÍA LAGO CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. RECURSO INADMITIDO.

Dáse conta da sentenza de data 1.12.06 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo inadmitir e inadmito a demanda, formulada por Abraham Tenoira Reina, en nome e representación de Andrés Mercía Lago, contra a multa imposta no expediente 068607504 por importe de 64,40 €, por un estacionamento en zona de carga e descarga, que foi aboada polo recorrente o día 6.03.06, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Seguridade e Recadación Executiva.

16(308).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 439/06 INTERPOSTO POR D. JOSE MANUEL OTERO FERNANDEZ CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. RECURSO INADMITIDO.

Dáse conta da sentenza de data 1.12.06 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo inadmitir e inadmito a demanda, formulada por Abraham Tenoira Reina, en nome e representación de José Manuel Otero Fernández, contra a multa imposta no expediente 058620223, por importe de 105 €, por un estacionamento en dobre fila sen conductor, que foi aboada polo recorrente o día 3.02.06, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Seguridade e Recadación Executiva.

17(309).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 438/06 INTERPOSTO POR D. JOSE MANUEL OTERO FERNÁNDEZ CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. RECURSO INADMITIDO.

Dáse conta da sentenza de data 1.12.06 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo inadmitir e inadmito a demanda, formulada por Abraham Tenoira Reina, en nome e representación de José Manuel Otero Fernández, contra a multa imposta no expediente 068607067, por importe de 64,40 €, por un estacionamento en dobre fila sen conductor, que foi aboada polo recorrente o día 3.02.06, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Seguridade e Recadación Executiva.

18(310).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 433/06 INTERPOSTO POR D. JOSE MANUEL ARNOSI GONZÁLEZ CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. RECURSO INADMITIDO.

Dáse conta da sentenza de data 1.12.06 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo inadmitir e inadmito a demanda, formulada por Abraham Tenoira Reina, en nome e representación de José Manuel Arnosi González, contra a multa imposta no expediente 058642453, por importe de 105 €, por un estacionamento en dobre fila sen conductor, que foi aboada polo recorrente o día 8.03.06, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Seguridade e Recadación Executiva.

19(311).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 429/06 INTERPOSTO POR POR Dª. AMALIA NÚÑEZ PUGA CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. RECURSO INADMITIDO.

Dáse conta da sentenza de data 1.12.06 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo inadmitir e inadmito a demanda, formulada por Abraham Tenoira Reina, en nome e representación de Amalia Núñez Puga, contra a multa imposta no expediente 068609014, por importe de 105 €, por un estacionamento en dobre fila sen conductor, que foi aboada polo recorrente o día 7.03.06, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Seguridade e Recadación Executiva.

20(312).- SENTENZA DO TSXG NO RER. APELACIÓN Nº 440/06 INTERPOSTO POR Dª. AUREA SOTO LAGO CONTRA SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO Nº 1 DE VIGO SOBRE FUNCÍONS DE TRABALLO. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 24.01.07 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia interposto contra sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo, desestimatoria de recurso de reposición formulado fronte á orde de 15.04.02 da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo pola que se reitera á recorrente a orde verbal de que cumpla, de conformidade coa guía de funcións aprobada polo Pleno, os cometidos do seu posto de xefe de grupo de inspección de obras, realizando as inspeccións que lle son encomendadas. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia falla o seguinte:

Fallamos que con desestimación do recurso de apelación interposto contra a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo de 11.02.04, debemos confirmar e confirmamos a mesma, impoñendo á apelante as custas desta alzada.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta á Xerencia Municipal de Urbanismo e o departamento de Persoal.

21(313).- SENTENZA TSXG NO R.C.A. Nº 01/941/2004 INTERPOSTO POLO CONCELLO DE VIGO CONTRA RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE CULTURA EN RELACIÓN CO DEPÓSITO DO UNGÜENTARIO DO TUNEL DO AREAL. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 18.10.06 dictada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debemos desestimar e desestimamos o recurso contencioso-administrativo interposto polo Concello de Vigo contra resolución da Consellería de Cultura que acordou a modificación do depósito do unguentario do túnel do Areal do Museo Quiñones de León ó Museo das Peregrinacións; sen facer imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta os Servizos de Patrimonio Histórico e Cultura.

22(314).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 14/1395.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Sector de Acción Social, do 27.02.07, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Axuda no fogar a D^a. Purificación Rivas Rodríguez. Expte. 14/1395.

23(315).- SOLICITUDE DE PRÉSTAMO TEMPORAL DE 3 OBRAS DO LEGADO DE POLICARPO SANZ PARA EXPOSICIÓN QUE SE REALIZARÁ NA FUNDACIÓN CARLOS DE AMBERES (MADRID) DE MARZO A ABRIL DE 2007. EXPTE. 2184/337.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo municipal de Vigo “Quiñones de León”, do 26.02.07, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o préstamo temporal das obras Níobe, de Jean Honore Fragonard, nº INV. 705; A morte de Catón, de Guillaume Lethiere, nº INV. 722; e A morte de Lucrecia, de Jean François de Troy, nº INV. 427; pertencentes ao legado de Policarpo Sanz, da colección do museo; á entidade Fundación Arte Viva; a petición de *La Sociedad de la Justicia S.A.*, adscrita á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Xustiza Interior da Comunidade de Madrid; no periodo 5 de marzo- 15 de maio de 2007; para a exposición “La Justicia en el Arte. De la Edad Moderna hasta nuestros días”, a celebrar entre o 15 de marzo e o 22 de abril de 2007 na Fundación Carlos de Amberes (Madrid); conforme coas condicións habituais de préstamo establecidas polo museo municipal.

24(316).- DAR CONTA DA COLABORACIÓN DENTRO DO PROGRAMA DE PATROCINIO DOS “CUBOS” DO MUSEO VERBUM-CASA DAS PALABRAS, ENTRE ÉSTE E O PROGRAMA “CONTA CON ELAS” QUE PROMOVE A CONSELLERÍA DA MULLER DENTRO A ACTIVIDADE A.D. DA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO. EXPTE. 189/340.

Dáse conta do informe-proposta do director do Verbum, do 2.01.07, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais, que di o seguinte:

O Verbum – Casa das Palabras é un museo interactivo de titularidade municipal que, seguindo a Lei 16/1985 de Patrimonio Histórico Español, e o Real Decreto 620/1987 polo que se aproba o regulamento dos museos de titularidade estatal e do Sistema Español de Museos, pode ser entrar na definición que dice que museos son : “as institucións de carácter permanente que adquiren, conservan, investigan, comunican e exhiben para fins de estudio, educación e contemplación, conxuntos e coleccións de valor histórico, artístico, científico e técnico ou de calquera outra natureza cultural” (art. 59,3. Lei 16/1985). Así o Verbum – Casa das Palabras, pódese ubicar na definición da área do patrimonio cultural, no apartado antropoloxía, pois é un museo que trata da palabra como aspecto etnolóxico e etnográfico, referido á estrutura social, e á linguaxe como costume, tradición e valor cultural (segundo a definición da UNESCO).

Xa que logo, este museo interactivo, está a mudar o seu xeito de funcionamento, aceptando que os tempos en que as administracións permanecen pechadas á colaboración coa iniciativa privada remataron. Pódese comprobar na sentenza do Tribunal Constitucional (18/1984, de 7 de febreiro, entre outras), ou nas leis que apuntan cara ésta interpenetración : Lei 50/2002, de 26 de decembro, de Fundacións. Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e de incentivos fiscais ó mecenado. Ou a parcialmente derogada por ésta, Lei 30/1994, de 24 de novembro, de fundacións e de incentivos fiscais á participación particular en actividades de interés xeral.

Entenderemos, así, que hoxe o patrocinio é un elemento cada vez máis presente nas actuacións culturais, ademáis das de tipo social, medioambiental ou deportivas.

Na modalidade de colaboración, pódese encadra-la definición de Patrocinio (concepto definido tamén polo Parlamento Europeo), e que poderíamos entender como un apoio moral explícito con mención do suxeto que intervén no mesmo.

Neste caso, tense acordado que un bo xeito de inicia-lo labor de colaboración mediante o patrocinio, sería contar coa participación da propia administración local nesta modalidade.

Que o propio museo fora o encargado de renova-la exposición permanente, suporía, máis aló da inversión económica que supón para a dotación orzamentaria do mesmo, pechar portas a que outras dependencias municipais que desenvolven o seu labor no eido da comunicación poidan participar nun proxecto que debe ser un proxecto de conxunto.

Iniciouse esta andaina coa colaboración do Arquivo Pacheco a traveso do mundo da tarxeta postal. Unha relación cercana que permitira a colaboración entre ambas dependencias dende hai tempo.

Neste momento, ábrese unha oportunidade de colaboración dende o traballo en igualdade, no canto á aportación que incluír a linguaxe non sexista como elemento destacado na comunicación na sociedade actual, debe ter nun museo adicado á comunicación coma o Verbum.

Abrir a actividade museística do Verbum ó patrocinio, comezando polas propias instancias municipais, permite conseguir por unha banda a implicación das instancias municipais no funcionamento da Casa das Palabras, e por outra, incorporar os públicos destinatarios deses departamentos municipais a aquela.

Con esta actividade de colaboración, no canto ó patrocínio dun cubo no museo, abriráse unha acción de comunicación que permitirá á dependencia municipal obter un certo beneficio ó asocia-la súa imaxe á actividade sociocultural do museo.

No canto ó Verbum, se conseguirá crear unha certa comunicación entre a actividade da dependencia que colabora cos diferentes públicos que acceden ó Verbum, entendendo que pode ser de particular interés para os escolantes (público maioritario destinatario da nosa proposta museística), que porá en valor tamén ó Verbum.

A colaboración, en fin, pode ser un bó xeito de que este museo abra á participación de terceiros no canto o mundo da comunicación e respectando os obxectivos que conformaron a creación do museo.

A iniciativa de participar na colaboración indicada, será por parte de entidades que desenvolven o seu labor no eido da comunicación, ou de aquelas que teñen elementos que aportar á mesma, ben dende a propia administración local (departamentos municipais), ben dende fora (editoriais, asociacións), sempre compartindo a idea de divulga-la comunicación. Entendemos necesario prioriza-los departamentos municipais, as editoriais, e as asociacións colaboradoras do concello no ámbito sociocultural. A continuación, sería oportuno abri-las portas do patrocínio a entidades de tipo mercantil.

En todo caso, deberá constar que o museo Verbum terá sempre a última palabra sobre o que se pode divulgar nas estruturas municipais, como garante do contido divulgativo do museo.

Por elo, dáse conta a esa Xunta de Goberno Local, da Colaboración dentro do Programa de Patrocínio dos “Cubos” do Museo Verbum – Casa das Palabras, entre este e o Programa “Conta con Elas” que promove a Concellería da Muller dentro da actividade do A D da Área Metropolitana de Vigo, que supón a modificación das estruturas que compoñen a exposición permanente deste museo (os Cubos M e LL), no canto á linguaxe non sexista e divulgación da actividade do citado proxecto.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada da Colaboración dentro do Programa de Patrocínio dos “Cubos” do Museo Verbum – Casa das Palabras, entre este e o Programa “Conta con Elas” que promove a Concellería da Muller dentro da actividade do A D da Área Metropolitana de Vigo, que supón a modificación das estruturas que compoñen a exposición permanente deste museo (os Cubos M e LL), no canto á linguaxe non sexista e divulgación da actividade do citado proxecto.

25(317).- SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN DE ATLETISMO ESCOLAR XOVENES ATLETAS PARA REALIZAR A CARREIRA DE CROSS ESCOLAR NO CEIP COUTADA-BEADE O 25.03.07. EXPTE. 6845/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude da Asociación de Atletismo Escolar Xovenes Atletas e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 15.03.07, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Asociación de Atletismo Escolr Xovenes Atletas, a organizar o vindeiro 25 de marzo de 2007, a Carreira de Cross Escolar, no CEIP Coutada-Beade e os seus arredores, entre as 10.00 horas e as 13.30 horas.

26(318).- SOLICITUDE DE DELFIN TIME S.L. PARA ORGANIZAR O FÚTBOL PARK DE COCA-COLA OS DÍA 9, 10 E 11 DE MARZO DE 2007 NA PISTA DE PATINAXE DE SAMIL. EXPTE. 6878/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude de Delfin Time S.L. e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 15.03.07, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Delfin Time, S.L., a organizar os vindeiros días 9, 10 e 11 de marzo de 2007, o evento FÚTBOL PARK DE COCA-COLA, na pista de patinaxe de Samil e cos seguintes horarios:

Día 9 de marzo: horario de 14 a 20 horas.

Días 10 e 11 de marzo: horario de 11 a 14 horas e de 16 a 19 horas.

27(319).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS DE VIGO E COMERCA (FOANPA). EXPTE. 8210/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable, do 7.02.07, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Educación, do 17.12.06, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto a que da lugar o “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca: FOANPA, que supón un custe de 205.304,23.-€ (DOUSCENTOS CINCO MIL TRESCENTOS CATRO CON VINTETRES EUROS), con cargo á partida 422 0 489 00 01 bolsa de vinculación xurídica do presuposto de 2007.

2º.- Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca: FOANPA, que de seguido se dí:

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS DE VIGO E COMARCA (FOANPA)

No Concello de Vigo, o día

REÚNENSE:

Dunha parte:

D. Ignacio J. López-Chaves Castro, Concelleiro-Delegado da Área de Asuntos Sociais do Concello de Vigo, que actúa en nome e representación do mesmo, en orde ás atribucións que lle son conferidas pola vixente lexislación de réxime local e o decreto de delegación de competencias da Alcaldía de data 2 de xaneiro de 2004 e acordo da Xunta de Goberno Local na sesión de 5 de xaneiro de 2004 .

E doutra:

D. Julio Melero Fernández, con DNI 36.062.058, Presidente da Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca, en representación da mesma.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente con capacidade e competencia para formalizar o presente convenio e

EXPOÑEN:

Preténdese consolidar e ampliar mediante este convenio o proxecto de participación activa de todos os axentes involucrados na educación, na procura dunha mellor calidade da ensinanza comezado en anos anteriores.

A Lei Reguladora das Bases de Réxime Local contempla a necesaria participación e colaboración das institucións locais na mellor consecución dos obxectivos educativos. A Lei Orgánica de Educación (LOE) 2/2006, do 3 de maio, contempla no seu Título Preliminar, Capítulo I, Artigo 1 que un dos principios que inspira o sistema educativo actual é a necesidade dun esforzo compartido, cooperación e colaboración das familias e as corporacións locais; e incide na Disposición final primeira na necesaria participación dos pais e nais no proceso ensinanza-aprendizaxe e na vida do centro educativo dos seus fillos e fillas. Polo tanto, a LOE recolle esta necesidade e recomendación, propiciando a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia, dentro dos principios democráticos de convivencia e o fomento da participación de nais e pais na vida do centro educativo.

A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca define estatutariamente como fins e obxectivos fundamentais que lle corresponden a loita por un ensino público gratuíto e da máxima calidade. propón como liñas de traballo a formación integral das ANPAS federadas, a presenza e participación en todos os órganos que teñan relación co ensino público e coa oferta de servizos que supoñan unha participación activa dos pais e nais e como movemento asociativo de forte presenza social. A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca respecta a autonomía de cada ANPA no ámbito das súas competencias.

Cómpre a máxima colaboración entre o Concello de Vigo e as ANPAS para acadar o desenvolvemento dos programas definidos e aqueles que poidan xorder no ámbito da formación, información e desenvolvemento destas organizacións. A colaboración ten como obxectivo primeiro achega-la xestión pública aos intereses dos cidadáns e cidadás.

Para posibilitar a participación real das ANPA é necesario dotalas de instrumentos que lles permitan intervir activamente na vida escolar, como usuarios e usuarias directos/as da educación. Polo que se regularán neste convenio a subvención dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA e, por outra banda, a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación.

Por todo o exposto:

ACORDAN:

Primeiro.- O Concello de Vigo reconece á Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca como representante, neste intre, das ANPA dos centros de ensino público de Educación Infantil, Educación Primaria, ESO, ESPO e Formación Profesional Específica de Vigo, e como canalizador das propostas das ANPA nas competencias que lle correspondan ó Concello neste ámbito.

Segundo.- O órgano de consulta e participación dos distintos membros da comunidade escolar no Concello de Vigo é o CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL, do que a Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca forma parte coa representación que lle corresponde, en función do número de centros de ensino público de Vigo que representa.

Terceiro.- A Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca comprométese a colaborar co Concello de Vigo e cos órganos que este ten creados para o desenvolvemento da súa política educativa.

Sen prexuízo desta participación, a Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca e a Concellería a Área de Asuntos Sociais manterán reunións periódicas, a fin de posibilitar un coñecemento máis global da política que está a levar o Concello en materia educativa e das inxerencias e propostas destes colectivos.

Cuarto.- A Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca comprométese tamén a:

Afrontar as tarefas de funcionamento, coordinación e xestión dos programas propios da Federación. desenvolver actividades formativas para nais e pais, na liña das actividades clásicas das Escolas de Pais e Nais. organizar e regular a realización de actividades extraescolares das ANPA de ensino infantil e primario federadas na FOANPA.

acreditar e xustificar as actividades realizadas mediante a certificación e documentación correspondente ante o Departamento de Educación do Concello de Vigo, que servirán de base a este para tramitar os pagos.

entregar ao Departamento de Educación do Concello de Vigo, no primeiro trimestre do curso escolar, a programación educativa para ese curso.

promover e xestionar os comedores escolares e presentar a xustificación dos gastos habidos ante o Concello de Vigo.

En xeral cumprir, como beneficiaria da subvención, coas obrigas consignadas para estas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Quinto.- O Concello de Vigo pon á disposición da Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca a aula-seminario nº 13, que ocupa unha superficie de 35 metros cadrados aprox e sita no segundo andar do Instituto Municipal de Educación (IME), rúa camiño do Chouzo núm. 2, que lle permita un adecuado desenvolvemento das súas funcións e a realización das tarefas propias da Federación.

Sexto.- O Concello de Vigo informará anualmente á Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca das contías e conceptos asignados ao programa de AUTOXESTIÓN para o mantemento dos centros de ensino público de Vigo.

Sétimo.- O Concello de Vigo comprométese a pagar 205.304,23.-€ (DOUSCENTOS CINCO MIL TRESCENTOS CATRO CON VINTETRES EUROS) pagadeiros en tres prazos, para atender e axustarse ao ritmo de execución das actividades subvencionada:

PRIMEIRO PAGO: anticipado por importe de 100.000'00.-€ coa asinatura do convenio e antes do 31 de marzo.

SEGUNDO PAGO: por importe de 52.652,11.-€ a fin de curso e antes do 01 de xullo, e

TERCEIRO PAGO: por importe de 52.652,12.-€ , antes do 30 de novembro, a favor da Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de alumnos e alumnas de Vigo e Comarca FOANPA (CIF: G-36.743.946), para facer fronte ás responsabilidades de xestión de comedores, actividades extraescolares e formación de ANPAS e dos gastos de xestión propios da Federación, segundo se explica no anexo II.

Oitavo.- Na xustificación desta subvención o primeiro pago anticipado determina a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, sendo necesarios para a tramitación do segundo e terceiro abonos a conta, a aportación previa de xustificantes de gasto mediante facturas orixinais ou fotocopias compulsadas polo importe a

abonar. Igualmente, na liquidación final deberá quedar debidamente xustificado, o importe total da subvención concedida mediante a achega das correspondentes facturas.

Para a xustificación da liquidación final dispónse dun prazo máximo de tres meses, contados a partir do 31 de decembro de 2007, data de remate para a execución da actividade subvencionada, sendo tamén necesario incorporar á mesma unha certificación da FOANPA sobre outros posibles fondos recibidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia.

A tramitación dos abonos a conta ao igual que a xustificación final, deberá incorporar preceptivo informe técnico emitido polo servizo de educación, que recolla a conformidade cos documentos xustificativos presentados e no que se manifeste expresamente o cumprimento parcial ou total do obxecto da subvención, ou aquelas deficiencias ou circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación.

En todo caso, a xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria de económica xustificativa.

Noveno.- Esta subvención municipal é compatible con outras aportadas a esta Federación Olívica das ANPA de Vigo e comarca por organismos públicos ou privados, tendo en conta que non poderá percibir subvencións polo mesmo concepto que superen o custe total do servizo.

Décimo.- A FOANPA xestionará a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e comedores en cada centro de ensino público de Vigo, para promover e facilitar a participación de pais e nais en cada escola, mediante o apoio ás iniciativas educativas da ANPA de cada centro, para mellorar a calidade do ensino dos centros públicos de Vigo.

A tal efecto autorízase a FOANPA e ás ANPAS a concertar con terceiros a execución das actividades obxecto da subvención, tanto do servizo de comedor, mediante cáterin ou cociña, como da docencia e monitoraxe das actividades extraescolares. Dito contrato deberá de formalizarse por escrito. Autorizarase polo Concello de Vigo mediante a comisión de seguemento do convenio, unha vez emitidos e vistos os informes técnicos municipais.

Décimo primeiro.- FOANPA distribuirá a subvención entre as ANPAS que a integran e pertencen a centros públicos situados no termo municipal de Vigo. As actividades que poden percibir estas axudas serán os comedores e actividades extraescolares dirixidas ao alumnado dos colexios públicos de Vigo, que presenten a xustificación da axuda acompañada do formulario do anexo I.

Décimo segundo.- Coa firma do convenio constituirase unha comisión de seguemento que realizará o control e seguemento da súa execución e xestión económica, segundo as pautas contempladas no anexo II e realizará a avaliación. A comisión estará formada por dous/dúas representantes nomeadas pola FOANPA, un/ha Técnico/a do servizo de educación do Concello de Vigo e presidida polo Concelleiro da Área de Asuntos Sociais.

En calquera caso, as ANPAS beneficiarias das subvencións comprométense a remitir cuberto á FOANPA, para que o estudie a devandita comisión, e sempre antes do 30 de setembro de 2007, o formulario contido no anexo I do convenio, a conta xustificativa acompañada dos documentos xustificativos do gasto, que naquel se indica, así como os restantes datos que pida a comisión en orde a un mellor seguemento do convenio.

O incumprimento destes requisitos e dos seus prazos poderán ser causa da perda da axuda, previo informe da comisión e acordo da Xunta de Goberno Local.

Décimo terceiro.- No desenvolvemento das actividades extraescolares e comedores subvencionados utilizarase o galego como medio de expresión e comunicación. Prestarase especial atención á publicidade que deberá facerse íntegramente en galego, consonte co previsto na Lei 13/1983, de 15 de xuño, sobre lingua galega e normalización lingüística e no Regulamento sobre Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

Asimesmo comprométense a que na difusión da actividade e na edición de materiais conste a colaboración do Concello de Vigo.

Décimo cuarto.- Este convenio terá vixencia dende a data da súa firma ata o 31 de decembro de 2007.

Décimo quinto.- Serán, finalmente, de aplicación ao presente convenio as normas da Lei Xeral de Subvencións, sobre causas de invalidez do convenio (Art.

36 LXS), causas e réxime de reintegro de subvencións (Art. 37 LXS), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, de acordo coa Disposición Final Primeira da LXS, no non previsto no convenio, as demais normas da Lei Xeral de Subvencións.

As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexeranse polo estipulado neste, aplicándose os principios do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, para resolver as dúbidas e lagoas que poideran presentarse.

En proba de conformidade os representantes das partes asinan o presente convenio no lugar e data indicados.”

28(320).- PROXECTO COMPLEMENTARIO DO DE REMODELACIÓN DE BEIRARRÚA E MELLORA DA TRAVESÍA DE VIGO, FASE 2. EXPTE. 385/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador do Área de Servizos Xerais, do 9.02.07, que di o seguinte:

O proxecto de “COMPLEMENTARIO DEL DE REMODELACION DE BEIRARRUAS E MELLORA DA TRAVESIA DE VIGO FASE 2”, foi redactado pola enxeñeiro de camiños, canales e portos D. Sergio González Prada, en enero de 2007.

O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a “COMPLEMENTARIO DEL DE REMODELACION DE BEIRARRUAS E MELLORA DA TRAVESIA DE VIGO FASE 2”.

O orzamento base de licitación ascende á cantidade de DOUSCENTOS SETE MIL OITOCENTOS SESENTA E OITO EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMO”, (207.868,61 €). Representa un incremento do 23,263 % sobre o proxecto primitivo.

O proxecto inclúe o correspondente estudo de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.

A documentación do proxecto se considera completa, tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño (B.O.E., 21-6-2000) do Regulamento Xeral, Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro (B.O.E., 26-10-2001) polo que se informa favorablemente e propónse a súa aprobación os efectos do control ordenado no artigo 128 da referida Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA:

Aprobar técnicaamente ou proxecto de “COMPLEMENTARIO DEL DE REMODELACION DE BEIRARRUAS E MELLORA DA TRAVESIA DE VIGO FASE 2”,, cun orzamento total base de licitación de DOUSCENTOS SETE MIL OITOCENTOS SESENTA E OITO EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMO, (207.868,61 €).

Acordo

A Xunta de Goberno local aprobar técnicamente o proxecto de “Complementario do de remodelacion de beirarrúas e mellora da Travesía de Vigo fase 2”,, cun orzamento total base de licitación de 207.868,61 €.

29(321).- MODIFICADO Nº 1 DO DE REMODELACIÓN DE BEIRARRÚAS E MELLORA DE TRAVESÍA DE VIGO, FASE 2. EXPTE. 384/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador do Área de Servizos Xerais, do 9.02.07, que di o seguinte:

O proxecto de “MODIFICADO Nº 1 DEL DE REMODELACION DE BEIRARRUAS E MELLORA DA TRAVESIA DE VIGO FASE 2”, foi redactado pola enxeñeiro de camiños, canales e portos D. Sergio Gonzalez Prada, en enero de 2007.

O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a “MODIFICADO Nº 1 DEL DE REMODELACION DE BEIRARRUAS E MELLORA DA TRAVESIA DE VIGO FASE 2”.

O orzamento base de licitación ascende á cantidade de CIENTO CORENTA Y DOUS MIL SETENTA E TRES EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (142.073,85 €).

O proxecto inclúe o correspondente estudo de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.

A documentación do proxecto se considera completa, tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei de Contratos das Administración Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño (B.O.E., 21-6-2000) do Regulamento Xeral, Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro (B.O.E., 26-10-2001) polo que se informa favorablemente e propónse a súa aprobación os efectos do control ordenado no artigo 128 da referida Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA:

Aprobar técnicamente o proxecto de “MODIFICADO Nº 1 DEL DE REMODELACION DE BEIRARRUAS E MELLORA DA TRAVESIA DE VIGO FASE 2”, cun orzamento total base de licitación de CIENTO CORENTA Y DOUS MIL SETENTA E TRES EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS”, (142.073,85 €).

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda aprobar técnicamente o proxecto de “modificado nº 1 do de remodelacion de beirarrúas e mellora da Travesía de Vigo fase 2”, cun orzamento total base de licitación de 142.073,85 €.

30(322).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A EMPRESA VEGO SUPERMERCADOS S.A.U. PARA O DESENVOLVEMENTO DO CURSO DE CAIXEIRO/A. EXPTE. 4195/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe favorable do titular de Asesoría Xurídica e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 12.01.07,

conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o curso de “Caixeiro/a” dentro do programa de “Formación en empresas con compromiso de contratación” segundo o informe da técnica de inserción do Plan municipal de emprego (Anexo I), que se desenvolverá no presente ano 2007.

2º.- Aprobar o texto do convenio a asinar coa entidade que desenvolverá o curso (Anexo II)

3º.- Facultar a Dona Lucía Molares Pérez, concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local para a súa sinatura.

4º.- Aprobar o gasto por importe de 7.833€, con cargo á partida orzamentaria 3220 470 00 00, “Programa de axudas á inserción laboral” para facer fronte a execución do presente convenio de colaboración ao abeiro do programa de "Formación en empresas con compromiso de contratación" do Plan municipal de emprego 2004-2007.

ANEXO I

CURSO CAIXEIRO/A DENTRO DO PROGRAMA DE FORMACIÓN EN EMPRESAS CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN

O Concello de Vigo dende a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego xestiona o Plan municipal de emprego 2004-2007 que pretende ser un referente na necesaria coordinación entre todos os axentes implicados na loita contra o desemprego, configurándose como un proxecto aberto, coa vocación de ter unha fonda incidencia entre as persoas desempregadas da cidade, e de ser indutor dun cambio de visión sobre a problemática do paro, aportando o apoio municipal ás diversas facetas do camiño dende o desemprego á realización plena de actividade e á inserción laboral.

Do conxunto de accións a desenvolver no Plan municipal de emprego destaca o Programa de apoio a inserción laboral e dentro deste a “Formación en empresas con compromiso de contratación” que supón continuar na liña da experiencia exitosa obtida en anos anteriores. A formación ocupacional realízase nun ámbito produtivo real, a empresa, onde o alumnado pode observar e desempeñar as actividades e funcións propias dos distintos postos de traballo e coñecer as relacións laborais e a organización dos procesos produtivos. (Achégase informe de prospección de mercado do ano 2006).

O deseño deste curso, que se enmarca dentro do Plan formativo do ano 2007, ten como eixe fundamental o casamento entre os intereses formativos manifestados polas persoas usuarias do noso Servizo de orientación laboral e as necesidades detectadas no mercado de traballo, a través dos contactos cos responsables das empresas e asociacións empresariais de Vigo e a súa comarca, ás que se lles solicitaba a súa colaboración para o desempeño de programas de formación.

A empresa Vego Supermercados, S.A.U., ante a súa necesidade de contratar persoal formado, debido a apertura dunha nova tenda na nosa cidade, amosa interese por facer un curso co Concello. Una vez analizado o seu presuposto, o seu programa e o perfil demandado (mulleres e homes entre 18 e 40 anos con graduado escolar), o equipo do Servizo de orientación laboral considera esta oferta axeitada para incrementar as posibilidades de inserción laboral das persoas beneficiarias da nosa base de datos.

Por outra parte esta empresa leva xa colaborando no programa de Formación en empresas con compromiso de contratación varios anos cun alto grado de satisfacción por parte do alumnado e posteriormente traballadores/as así como por parte do equipo do Servizo de orientación laboral. O compromiso de contratación que se asina no convenio é do 50% por un período mínimo de tres meses, e este compromiso sempre superouse acadando na maioría dos cursos contratos de seis meses e posteriormente indefinidos.

A programación e o enfoque eminentemente práctico da impartición do curso permite aproximar de maneira moi notable a acción formativa ás necesidades reais da empresa o que suporá unha boa acollida por parte das persoas entrevistadas.

CARACTERÍSTICAS DO CURSO

DENOMINACIÓN	Nº ALUMNOS/AS	Nº HORAS	ENTIDADE	IMPORTE (euros)
CAIXEIRO/A	15	140	VEGO SUPERMERCADOS, S.A.U.	7.833€

DATA DE REALIZACIÓN

A data prevista para o desenvolvemento do curso é o mes de febreiro, aínda que esta pode sufrir modificacións.

SELECCIÓN DE EXPERTOS/AS

Considérase que a mellor opción é que as empresas e entidades colaboradoras se fagan cargo da selección dos/as expertos/as docentes.

No caso de que as empresas non dispoñan do persoal cualificado recorreríase á base de datos de expertos/as docentes da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego conforme co establecido no acordo da Comisión de Goberno Municipal do 23/05/1997.

SELECCIÓN DO ALUMNADO

O curso terá unha participación máxima de 15 persoas.

A selección farase entre as persoas entrevistadas polos/as orientadores/as do Servizo de orientación laboral da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego que teñan dentro do seu itinerario formativo a realización de cursos de formación ocupacional. Se desta forma non se cubriren tódalas prazas, publicarase un anuncio na prensa local.

ORZAMENTO

O orzamento deste curso de Formación en empresas con compromiso de contratación do ano 2007 do Plan municipal de emprego 2004-2007 comprende custos docentes e custos materiais.

A) CUSTOS DOCENTES

A actividade formativa levarase a cabo na empresa, o que facilitará o acercamento do alumnado á realidade empresarial.

Os custos de persoal docente, ascende á cantidade de 3.885€.

B) CUSTOS MATERIAIS

Neste concepto inclúense tódolos gastos de realización dos cursos (seguro de accidentes, aluguer de instalacións, material funxible, etc).

Os custos materiais ascenden a 3.948€.

Sumando os conceptos dos apartados anteriores (A+B) o importe total da posta en marcha deste curso ascende a 7.833€

Este gasto poderase facer contra a partida orzamentaria 3220 470 00 00, “ Programa de axudas á inserción laboral”, do ano en curso.

ANEXO II

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EMPRESA VEGO SUPERMERCADOS, S.A.U. PARA O DESENVOLVEMENTO DO CURSO "CAIXEIRO/A"

REUNIDOS:

Dunha parte:

O Excmo Concello de Vigo, con CIF P-3605700-H, e representado por Dona Lucía Molares Pérez en calidade de concelleira de Promoción Económica e de Desenvolvemento Local,

doutra:

Don Francisco Duarte Vázquez con NIF 32758048E en nome e representación da empresa VEGO SUPERMERCADOS, S.A.U. con domicilio na rúa Gambrinus,11 da cidade da A Coruña.

Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.

EXPOÑEN:

PRIMEIRO: A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, indica, no seu artigo 80, punto 2, letras k) e p), que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma participando, entre outros aspectos, na formación de persoas activas e desempregadas. Deste xeito, o Pleno do Excmo. Concello de Vigo aprobou, por unanimidade, na súa sesión de data 26 de xaneiro de 2004, o Plan municipal de emprego 2004-2007. O Concello de Vigo, dende a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, no marco dese Plan e dentro do Programa de axudas á inserción sociolaboral, promove a formación en empresas, co compromiso, por parte destas, de contratar un mínimo do alumnado que remate satisfactoriamente o curso, para colaborar de forma activa na loita contra o desemprego e mellorar, entre outras facetas, a ocupabilidade das persoas desempregadas da área de influencia viguesa. Esta fórmula obriga a que o deseño das accións formativas, eminentemente prácticas, estea moi adaptado tanto ás características das persoas

beneficiarias como ás necesidades das empresas e a que estas participen dunha aprendizaxe activa desenvolvida dentro do ámbito produtivo real.

SEGUNDO: A empresa VEGO SUPERMERCADOS, S.A.U é sensible a estes obxectivos, ademais de ter a necesidade de formar traballadores/as no seu sector ante a gran demanda do mercado laboral existente hoxe en día, polo que expresa a súa intención de participar activamente neste programa. A prospección de mercado no sector da alimentación feita polas técnicas de inserción sinala que VEGO SUPERMERCADOS, S.A.U é unha das empresas na que é posible a realización do curso de Caixeiro/a e asume o compromiso de contratar o 50% do alumnado que remate satisfactoriamente o curso, polo que con ela procede desenvolver esta actividade.

Por todo isto subscriben o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Obxecto do Convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer un marco de colaboración para realizar unha acción formativa cunha duración de 140 horas lectivas incluídas as prácticas, a razón de 5 horas diarias, coa finalidade de formar a 15 persoas como “Caixeiros/as” e co compromiso de contratar, por parte da empresa VEGO SUPERMERCADOS, S.A.U., un mínimo do 50% do alumnado que remate satisfactoriamente o curso. Estas contratacións terán unha duración mínima de 3 meses e a formalización dos contratos de traballo deberá realizarse dentro dos 3 meses seguintes á data de finalización da acción formativa. O temario do curso inclúese no anexo a este convenio.

SEGUNDA.- Compromisos de Vego Supermercados, S.A.U.

A empresa VEGO SUPERMERCADOS, S.A.U. organizará, impartirá, avaliará e fará unha memoria final e cantas outras accións sexan necesarias para realizar cos seus propios medios o curso, motivo deste convenio, para o que contará co material, seguros, persoal técnico e instalacións necesarios para o seu correcto desenvolvemento. Posteriormente, dentro dos 3 meses seguintes á data de finalización da acción formativa, contratará, cunha duración mínima de 3 meses, a un mínimo do 50 % do alumnado que remate satisfactoriamente o curso. Ademais deste compromiso, serán obrigas da empresa VEGO SUPERMERCADOS S.A.U as consignadas no artigo 14.1 LXS.

TERCEIRA.- Compromisos do Concello de Vigo

O Concello de Vigo afrontará os gastos polo importe estipulado. Así mesmo, realizará a selección das persoas candidatas a través do equipo técnico do Servizo de orientación laboral en colaboración coa empresa, controlará o desenvolvemento do curso e recompilará toda a documentación e información relativa a este que considere oportuna para o seu bo fin e xustificación.

CUARTA.- Seguimento do Convenio

Para o seguimento do convenio, así como para a determinación dos criterios non previstos no funcionamento do mesmo, nomearase unha Comisión de Seguimento, composta por un/unha representante por cada parte asinante. A Comisión de Seguimento será presidida por un representante municipal e deberá reunirse cando as partes o acorden. O/A representante municipal na Comisión de Seguimento será nomeado/a pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local.

QUINTA.- Incumprimento do Convenio

O incumprimento do especificado nas cláusulas poderá ser motivo de cancelamento da execución deste convenio, previa resolución da Comisión de Seguimento.

Como norma última, será o Concello de Vigo o que teña a capacidade de decisión definitiva no referido ao

presente convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.

SEXTA.- Vixencia do Convenio

O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura, e estará vixente ata o cumprimento do obxecto do mesmo, é dicir, noventa días despois da data de finalización da acción formativa.

SÉTIMA.- Relación contractual

A sinatura do presente convenio non suporá relación contractual algunha con este Concello de Vigo por parte do persoal encargado da organización, impartición ou calquera outra tarefa no desenvolvemento do curso.

OITAVA.- Forma de pago

No referido ao pagamento da cantidade acordada como presuposto das actividades formativas, motivo do presente convenio o Concello afrontará os gastos por un importe total de 7.833€.

Esta cantidade farase efectiva do seguinte xeito:

- O 50% (3.916,5€) unha vez certificado o remate do curso.

- O 50% restante (3.916,5€), unha vez cumprido o compromiso de contratación obxecto deste convenio e se acredite o gasto polo importe total.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no convenio de subvención deberá documentarse en forma de conta xustificativa, á que se deberá achegar os xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención. A súa presentación realizarase como máximo, no prazo de tres meses desde a finalización do prazo para a realización da actividade subvencionada (artigo 30 LXS)

Este gasto farase con cargo á partida orzamentaria 3220 470 00 00 “Programas de axudas á inserción laboral” do presuposto vixente.

CLÁUSULA FINAL

“ Serán finalmente de aplicación ó presente convenio as normas da Lei xeral de subvencións, sobre causas de invalidez do convenio (artigo 36 LXS), causas e réxime de reintegro das subvencións (artigo 37 LXS), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral con carácter pleno ou supletorio, de acordo coa Disposición Final Primeira LXS, no non previsto no convenio, as demais normas da Lei xeral de subvencións, a lexislación básica do Estado de réxime local, as restantes normas de dereito administrativo, as bases de execución do presuposto vixente e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexeranse polo estipulado neste, aplicándose os principios do TRLCAP para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentar”

E, en sinal de conformidade, as dúas partes asinan este convenio que se expide por triplicado e a un só efecto, no lugar e data que se indican máis abaixo.

31(323).- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN PARA A SUBSTITUCIÓN POR MATERNIDADE DUNHA TÉCNICA EN ORIENTACIÓN-INSERCIÓN DO PROXECTO ACTÍVATE. EXPTE. 4279/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador do Proxecto Actívate, do 19.02.07, conformado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento local, que di o seguinte:

O proxecto “Actívate” (expte. 3.246/077) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 11 de xullo de 2005 e presentado á Dirección Xeral para a Administración Local do Ministerio de Administracións Públicas o 15/07/05, foi aceptado para ser subvencionado con fondos da Subvención Global do Fondo Social Europeo, mediante Resolución aprobatoria de data 15 de novembro de 2005.

Para o seu desenvolvemento, foron contratados (exptes 3525/077 y 4227/077) durante 18 meses, 1 persoa coordinadora do proxecto, 1 técnica de administración, 1 administrativa e 3 técnicas en orientación-inserción; posteriormente incorporouse ao equipo, cun contrato de 12 meses de duración, 1 persoa técnica en autoemprego (expte 3864/077). Para a selección destas persoas foi necesario a aprobación dun procedemento de selección (achéganse bases) por parte da Xunta de Goberno Local, que permitiu a contratación dos/as candidatos/as máis axeitados/as para cada posto.

En próximas datas, 1ª semán do mes de marzo de 2007, prevese que se produza a solicitude de incapacidade temporal para descanso por maternidade dunha das técnicas de orientación-inserción do proxecto, Alejandra Sousa Fernández, DNI 76813932-G. Para a substitución desta traballadora utilizouse inicialmente a listaxe de suplentes resultante da selección inicial de técnicos/as de orientación-inserción (achégase acta de selección do 31 de xaneiro de 2006), si ben xa fora utilizada na remuda doutra técnica por baixa voluntaria. Postos en contacto coas persoas aínda pendentes da mencionada listaxe, atopámonos coa renuncia ao posto das tres derradeiras persoas: Guadalupe Crespo Romero, Mª del Carmen Cores Otero, Mª Remedios Fernández Campo (xuntanse).

Nesta situación faise necesario axilizar o máis posible a selección da persoa que ocupe interinamente o posto de técnico/a de orientación-inserción do proxecto, dado que a súa contratación terá unha duración máxima de 18 semanas. Daquela é co obxectivo de minimizar tempos, a actuación que plantexamos a modo de procedemento é a seguinte:

- Acudir ao Servizo Público de Emprego realizando unha oferta de emprego xenérica para a achega de 6 candidatos.
- Respetar no proceso as “ BASES PARA A SELECCIÓN DO EQUIPO TÉCNICO DO PROXECTO ACTÍVATE” (achéganse) no que se refire aos puntos 3d : funcións e perfil requerido do/a técnico/a de orientación-inserción , 4: procedemento de selección e 5: criterios de baremación.

En consecuencia, polo que antecede, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

Aprobar o antedito procedemento para a selección dun/ha técnico/a de orientación-inserción do do proxecto “ACTÍVATE” para unha substitución por maternidade e por un periodo máximo de 18 semáns.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda aprobar o antedito procedemento para a selección dun/ha técnico/a de orientación-inserción do do proxecto “ACTÍVATE” para unha substitución por maternidade e por un periodo máximo de 18 semáns.

32(324).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN, EXECUCIÓN E MANTEMENTO DA SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 72975/210.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Área de Mobilidade e Seguridade, do 31.01.07, conformado polo concelleiro-delegado de dita Área, que di o seguinte:

En data 29 de xaneiro de 2007, o Xefe de Mobilidade emite o seguinte informe:

“A empresa “Aplicación de Pinturas API, S.A”, resultou adxudicataria do concurso para o contrato de subministro, execución e mantemento da sinalización horizontal e vertical do término municipal de Vigo, segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de febreiro de 2004.

O contrato iniciouse en data 16 de marzo do mesmo ano, asinado polo Concelleiro D. Javier Guerra Fernández e o representane da empresa D. Carlos Díaz Hidalgo e autorizando o documento D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local.

A duración do contrato según a cláusula IV “Prazo de duración do contrato” do texto refundido do Prego de cláusulas administrativas particulares do contrato (aprobado pola Comisión de Goberno en sesión de 15 de setembro de 2003), é de dous anos e poderá ser prorrogado por anualidades ata un máximo de dous máis, previo acordo expreso do órgano de contratación.

Durante o espazo de tempo transcurrido dende o inicio do contrato até a data de hoxe, a empresa adxudicataria cumpriu as especificación deste sen obxexión de relevo por parte dos servizos técnicos municipais, de conformidade cos materiais subministrados, coa execución dos traballos e as demais especificacións do contrato en canto a xestión, información, comunicación, etc.

En atención ao anterior, procede informar favorablemente a 2ª prórroga anual prevista e solicitada pola empresa Aplicación de Pinturas, API, S.A, en data 24/10/06, nº documento 60110516, de conformidade co disposto na devandita cláusula IV do Prego de condicións administrativas particulares do vixente contrato.”

No orzamento prorrogado para o ano 2007 existe consignación orzamentaria na partida nº 2220.22.70602, CONCESIÓN MARCAS E VIAIS, por un importe de 372.627.50 €.

Polo exposto e á vista do citado informe no que se propón a prórroga tendo en conta que tal posibilidade aparece recollida na Cláusula 4ª do texto refundido do Prego de cláusulas administrativas, sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local a seguinte,

PROPOSTA

Prorrogar o contrato de Subministro, execución e mantemento da sinalización horizontal e vertical do término municipal de Vigo coa empresa “Aplicación de Pinturas, API, S.A”, por un prazo dun ano, con cargo á partida 2220.22.70602, CONCESIÓN MARCAS E VIAIS, por un importe de 372.627.50 € e nas mesmas condicións que se recollen no Prego de condicións administrativas e no contrato asinado en data 15 de marzo de 2004.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

33(325).- DEVOLUCIÓN DE AVAIS:

a) PROMOCIONES BADÍA VIGO S.L. EXPTE. 73073/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 23.02.07, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 16 de marzo de 2005 pola empresa PROMOCIONES BADÍA VIGO, S.L, con CIF B-36.924.033, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa AVDA DE GALICIA, 24, por non producirse danos.

b) BORJA FREIJEIRO GONZÁLEZ. EXPTE. 73075/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 23.02.07, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 21 de marzo de 2006 por D. BORJA FREIJEIRO GONZALEZ, con DNI 36.121.146-Z por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa BADAJOZ, 14, por non producirse danos.

34(326).- PROPOSTA DE PREZO PÚBLICO PARA O LIBRO EDITADO POR PATRIMONIO HISTÓRICO “GUÍA DEL FORASTERO EN VIGO ESCRITA POR UNOS CUANTOS HARAGANES”. EXPTE. 3702/307.

Examinadas as actuacións do expediente, vito o informe-proposta da técnica de Xestión de Patrimonio Histórico, do 20.02.07, e de acordo coa proposta da xefa de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o prezo público do libro editado polo Servizo de Patrimonio Histórico “Guía del forastero en Vigo escrita por unos cuantos haraganes” que será de 4,05 euros/unidad.

35(327).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CON “CONSUMO CONSCIENTE ÁRBORE, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA” PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL NO MUÍÑO DO SEVERO (CABRAL). EXPTE. 3552/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe favorable do titular de Asesoría Xurídica, do 29.01.07 e de acordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 10.10.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o texto do Convenio entre o Concello de Vigo e a sociedade cooperativa “Consumo Consciente Árbore, Sociedade Cooperativa Galega”, para o desenvolvemento de actividades de promoción e difusión do patrimonio cultural no “Muiño do Severo” (Cabral).

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A SOCIEDADE COOPERATIVA “CONSUMO CONSCIENTE ÁRBORE, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA” PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL NO “MUIÑO DO SEVERO” (CABRAL)

En Vigo, a de de 2007

COMPARECEN

Dunha parte, a sociedade cooperativa “CONSUMO CONSCIENTE ÁRBORE, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA”, (en adiante Árbore), con C.I.F. F- 36899987 e, no seu nome e representación, D. Manuel González Garrido, como Presidente do Consello Reitor.

Doutra parte, o CONCELLO DE VIGO, (en adiante Concello), con C.I.F. P-3605700 H e, no seu nome e representación, D. Ignacio López-Chaves Castro, como Concelleiro delegado de Patrimonio Histórico.

Ámbolos dous representantes, recoñecendo mutuamente capacidade e lexitimación para a sinatura do presente convenio,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que Árbore, en atención ós seus fins de promoción da agricultura ecolóxica, realiza actividades dirixidas á conservación e recuperación do noso medio natural.

SEGUNDO.- Que o Concello, a través do Servizo de Patrimonio Histórico, encárgase do mantemento dunha serie de muiños de propiedade municipal, entre os que se atopa o Muiño do Severo, na parroquia viguesa de Cabral, así como tamén pretende a súa posta en valor.

Polo que as partes

ACORDAN

PRIMEIRO.- Obxecto.

Establecer os principios de colaboración entre Árbore e Concello, para o desenvolvemento de actividades de promoción e difusión do patrimonio cultural no Muiño do Severo (Cabral), de propiedade municipal.

SEGUNDO.- Obrigas de Árbore:

- Realizar actividades divulgativas relacionadas co funcionamento do muiño, segundo o plan de actividades aprobado previamente pola Comisión de Seguimento.*
- Realizar proxectos de investigación sobre os muiños.*
- Participar na Comisión de Seguimento recollida na cláusula cuarta deste Convenio.*

TERCEIRO.- Obrigas do Concello:

- *Mantemento e conservación do Muiño.*
- *Participar na Comisión de Seguimento recollida na cláusula cuarta deste Convenio.*

CUARTO.- Comisión de Seguimento.

Para o seguimento deste convenio, así como para a resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constituirase unha Comisión de Seguimento, que estará composta a partes iguais por persoas designadas polo Concello e por Árbore.

Esta Comisión será a encargada de aprobar, coordinar e supervisar o plan de actividades a desenvolver no “Muiño do Severo”, dirixidas á promoción e difusión do patrimonio cultural en xeral, e dos muiños en particular.

QUINTO.- Vixencia.

A duración deste Convenio será de un ano, contado dende a sinatura do mesmo, aínda que pode ser prorrogado por outro ano por acordo expreso entre as partes asinantes.

Asimesmo, calquera das partes poderá denunciar o presente convenio, comunicándoo por escrito, cun mínimo dun mes de antelación á data na que se pretenda dar por finalizada a colaboración.

Estando ámbalas dúas partes de acordo con todo o que antecede, asinan o presente CONVENIO no lugar e data anteriormente citados.

36(328).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA SUMINISTRACIÓN MEDIANTE ARRENDAMENTO DE FOTOCOPIADORAS PARA AS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS DESTE CONCELLO. EXPTE. 2497/113.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 19.02.07 e conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a “Nea F3 Ibérica, S.L.” os lotes 1 e 2 do concurso para a subministración, mediante arrendamento, de fotocopiadoras para as dependencias municipais deste concello. Expte. 2497-113 por uns importes respectivos de:

Lote 1 un prezo de 653 euros/mes e un prezo copia por exceso de 0,0093 euros e as seguintes características :

- 6 Impresora / Fotocopiadora / Escaner de 25 páxinas minuto, marca Konica Minolta modelo Bizhub 350.
- 1 Impresora / Fotocopiadora de 35 páxinas minuto, marca Konica Minolta modelo Bizhub 350
- Admiten orixinales de A5 a A3 con gramaxes de 50 a 210 g/m.
- Alimentador / volteador automático de follas.
- Doble cara automática.
- Resolución 1200 * 1200 dpi
- Memoria 192 / 320MB.
- Entrega en 15 días.
- Tempo medio de resposta do servizo técnico 1.30 horas.
- Garantía en pezas, man de obra e consumibles durante o tempo de contrato (60 meses).
- Realización de 28.000 copias /mes para o conxunto das 7 impresoras / fotocopiadoras.

Lote 2 un prezo de 1.417 euros/mes e un prezo copia por exceso de 0,0058 euros e as seguintes características :

1 Impresora / Fotocopiadora de 105 páxinas minuto, marca Konica Minolta modelo Bizhub Pro 1050.
1 Impresora / Fotocopiadora de 75 páxinas minuto, marca Konica Minolta modelo Bizhub 750
Admiten orixinales de A5 a A3 con gramaxes de 50 a 200 g/m o modelo 750 e de 50 a 300 o modelo 1050
Alimentador / volteador automático de follas.
Doble cara automática.
Resolución 1200 * 600 dpi
Memoria 512 MB.
Unidade de grapado de 100 follas, capacidade en saída de 3200.
Alimentador automático de 100 páxinas.
Pantalla táctil.
4 bandexas con capacidade para 3100 follas
Finalizador con plegado e grapado con capacidade para 3200 follas (Modelo 1050).
Entrega en 15 días.
Tempo medio de resposta do servizo técnico 1.30 horas.
Precio de 1417 € /mes, incluíndo no precio:
Garantía en pezas, man de obra e consumibles durante o tempo de contrato (60 meses).
Realización de 125.000 copias /mes para o conxunto das 2 impresoras.

Todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 11-09-2006 e a oferta presentada.

37(329).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE VIXIANCIA E SAÚDE.EXPTE. 16984/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 19.02.07 e conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a “Sociedad de Prevención Fremap S.L.” o concurso para a contratación dos servizos de vixiancia de saúde, expte. 16984/220, por un importe de 30.050,60 €. Todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobados por acordo da Xunta de Goberno de 22.01.07 e a oferta presentada.

38(330).- EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE REPARACIÓN DE CARROCERÍAS DE VEHÍCULOS INFERIORES A 3.500 KG. ANOS: 2007-2008. EXPTE. 47769/445.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable de data 14.02.07, e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación de data 15.02.07, conformado polo xefe de Área de Contratación e Novos Proxectoos, o concelleiro da Área de Servizos Xerais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 20.000 euros/ano euros para a prestación dos servizos de reparación de carrocerías de vehículos inferiores a 3.500 Kgs propiedade do concello. que se imputarán á partida presupuestaria 12122140000 do vixente presuposto.

2º.- Aprobar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 23-01-2007 e o prego de prescripción técnicas para a prestación dos servizos de reparación de carrocerías de vehículos inferiores a 3.500 Kgs propiedade do concello.

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinaria.

39(331).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS SANITARIOS-ASISTENCIAIS A PERSOAS CON PROBLEMAS DERIVADOS DO CONSUMO DE DROGAS NOS DISPOSITIVOS ASISTENCIAIS DO CENTRO UAD-CEDRO E UNIDADE DE DÍA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 10946/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable de 14.02.07, dáse conta do informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, de data 8.02.07, conformado polo xefe da Área de Contratación, pola delegada do goberno da Área de Participación Cidadá e polo interventor xeral, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión de 29 de marzo de 2005 adxudicou á empresa Euxa Servicios Comunitarios Sociosanitarios, S.L. a prestación dos servizos sanitario-asistenciais a persoas con problemas derivados do consumo de drogas nos dispositivos asistenciais do centro UAD-CEDRO e Unidade de Día por un importe anual de 440.000 euros.

O Director de CEDRO en informe que se achega no expediente expon as novas necesidades que motivan a ampliación do servizo motivadas pola xeneralización do Programa de Incorporación Personalizada (PIP) do Plan de Galicia sobre Drogas, o que motiva a necesidade de incrementar a plantilla actualmente cun traballador/a social e ampliar as áreas de atención médica e psicolóxica.

O artigo 101 da Lei de contratos das Administracións Públicas establece que o órgano de contratación só poderá introducir modificacións por razóns de interese público nos elementos que integren o contrato sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, xustificandoo debidamente no expediente.

De acordo co informado pola técnica de Benestar Social o aumento de gasto que implica a modificación contractual pode imputarse á partida 227.06.01 ou a súa bolsa de vinculación . O importe a incrementar cuantifícase en 6.150 euros/mes ata 31-03-2007 data na que remata o segundo ano do contrato.

Por iso, PROPONSE A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Modifica-lo contrato da prestación dos servizos sanitario-asistenciais a persoas con problemas derivados do consumo de drogas nos dispositivos asistenciais do centro UAD-CEDRO e Unidade de Día do concello de Vigo suscrito coa empresa Euxa Servicios Comunitarios Sociosanitarios, S.L. no sentido de xeneralizar o Programa de Incorporación Personalizada (PIP) do Plan de Galicia sobre Drogas, o que motiva a necesidade de incrementar a plantilla actualmente cun traballador/a social e ampliar as áreas de atención médica e psicolóxica.

O importe a incrementar cuantifícase en 6.150 euros/mes ata 31-03-2007 data na que remata o segundo ano do contrato.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

40(332).- REVISIÓN DO PREZO DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZO DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO E CONSERXERÍA NOS CENTRO CÍVICOS. EXPTE. 1216/321.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 13.02.07, conformado polo interventor xeral, que di o seguinte:

Pola Area de Participación Cidadá, remiten á este servizo, o expediente nº 1216/321, de revisión de prezos do servizo de Conserxería e Atención ó público nos centros Cívicos.

No expediente consta unha proposta do Xefe de Participación Cidadá, revisando o prezo de adxudicación do contrato, 76.798,00 euros, co incremento do IPC no período comprendido entre decembro 2005/2006 (2,7%), do que resulta un prezo revisado de 78.871,55 euros/ano.

A vista do contrato administrativo, formalizado entre as dúas partes do contrato, no que na cláusula 4.-) do mesmo, recolle que o contrato terá unha duración de dous anos, a contar dende o 1 de xaneiro de 2006, resultata que o incremento do IPC aplicado o prezo contractual é o que lle corresponde aplicar, polo que a revisión proposta polo servizo é correcta.

Polo exposto, a PROPOSTA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previo informe da Intervención xeral, será o seguinte ACORDO:

Aprobar a revisión de prezos do contrato de prestación de servizo de atención ó público e conserxería nos centros Cívicos, adxudicado a empresa Eulen, S.A., na Xunta de Goberno Local de 30 de decembro de 2005, por un prezo contractual de 76.798,00 euros/ano, fixando o mesmo a partir do 1 de xaneiro de 2007, na cantidade de 78.871,55 euros/ano.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

41(333).- REVISIÓN DE PREZO DO CONTRATAO DO PROGRAMA EDUCATIVO “VIGO POR DENTRO” (LOTE A-PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL). EXPTE. 18018/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 6.02.07, conformado polo interventor xeral, que di o seguinte:

Por parte da empresa “Producción e Xestión Cultura, S.L.”, mediante escrito presentado no rexistro xeral, nº de doc. 60131142, solicita a revisión de prezos do contrato Lote A) Producción e Xestión Cultural, S.L.”, do Programa Vigo por dentro.

Por resolución da Alcaldía do Concello de Vigo, de data 12 de xuño de 2003, acordouse adxudicar o Lote A) “Producción e Xestión Cultural”, do programa educativo Vigo por dentro, a empresa Producción e Xestión

Cultural, S.L., por un prezo anual 60.000 euros, todo de acordo cos pregos de condicións aprobados por acordo da Comisión de Goberno de 24/02/03 e a oferta presentada.

Segundo o contrato administrativo de data 21 de novembro de 2003, firmado entre as partes, na cláusula cuarta do mesmo, establece que o prazo do contrato será de dous anos, conforme ó estipulado na cláusula II do prego de condicións administrativas.

Na cláusula II do prego de cláusulas administrativas que rexerón o concurso para a adxudicación do contrato, establece que: “o contrato comenará o día seguinte da sinatura do contrato e terá unha duración de dous anos, este prazo podese prorrogar, previo acordo do órgano de contratación, por períodos anuais ata un prazo de dúas prorrogas. O contratista podese opoñer a prorroga do contrato mediante a denuncia da mesma unha antelación de catro meses o vencemento do contrato ou da prorroga”.

Según ó anterior, o prazo do contrato comenaríase a computar a partir do 21 de novembro de 2003.

A Xunta de Goberno local en sesión celebrada o 2 de outubro de 2006, acordou aprobar a 2ª prorroga e última do programa educativo Vigo por dentro, a o Lote A) Producción e xestión Cultural, a empresa “Producción e Xestión Cultural, S.L.”, con efectos desde o día 22 de novembro de 2006 a 21 de novembro de 2007.

Según a documentación que consta no expediente de contratación a última revisión do prezo do contrato na parte correspondente o lote A) produción e xestión cultural, foi acordada pola Xunta de Goberno Local de data 13 de febreiro de 2006, e fíxose o prezo para o período comprendido a partir de 21 de novembro de 2005 ata 21 de novembro de 2006, na cantidade de 64.893,84 euros.

A revisión anteriormente citada, era resultado de aplicar, na data de revisión,

o prezo actualmente vixente, o IPC comprendido no período novembro 2004/2005.

Para o cálculo da revisión actualmente solicitada, o prezo fixado na Xunta de Goberno Local, de data 13 de febreiro de 2006, aplicaráselle o incremento do IPC de novembro 2005/2006, que según datos facilitados polo INE foi de 2,6%, do que resulta un prezo revisado do contrato no período de 22 de novembro de 2006/2007 de 66.581,08 euros/ano.

Polo exposto, previo informe da Intervención Xeral, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO

Aprobar a revisión de prazos do contrato do Programa educativo, Vigo por Dentro, do Lote A), produción e xestión cultural, establecendo o prezo do contrato, a partir do día de 21 de novembro de 2006, na cantida de 66.581,08 euros/ano.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

42(334).- REVISIÓN DE PREZO DO CONTRATO DO PROGRAMA EDUCATIVO “VIGO POR DENTO” (LOTE B-TRANSPORTE). EXPTE. 18017/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 6.02.07, conformado polo interventor xeral, que di o seguinte:

D. Juan Otero Martinez, como administrador da empresa Autocares "La florida, S.A.", mediante escrito presentado no rexistro xeral, nº de doc. 70016582, solicita a revisión de prezos do contrato de transporte do Programa Vigo por dentro.

Por resolución da Alcaldía do Concello de Vigo, de data 12 de xuño de 2003, acordouse adxudicar o Lote B) (transporte), do programa educativo Vigo por dentro, a empresa Autocares La Florida S.A., por un prezo anual de 75.150 euros/ano, dos que 37.125 euros corresponden a 825 viaxes a efectuar dentro do termo municipal de Vigo; e un prezo por Km., fora do termo municipal de 1,80 euros, todo de acordo cos pregos de condicións aprobados por acordo da Comisión de Goberno de 24/02/03 e a oferta presentada.

Segundo o contrato administrativo de data 27 de agosto de 2003, firmado entre as partes, na calúsula cuarta do mesmo, establece que o prazo do contrato será de dous anos, conforme ó estipulado na cláusula II do prego de condicións administrativas.

Na cláusula II do prego de cláusulas administrativas que rexerón o concurso para a adxudicación do contrato, establece que: "o contrato comenará o día seguinte da sinatura do contrato e terá unha duración de dous anos, este prazo podese prorrogar, previo acordo do organo de contratación, por periodos anuais ata un prazo de duas prorrogas. O contratista podese opoñer a prorroga do contrato mediante a denuncia da mesma unha antelación de catro meses o vencemento do contrato ou da prorroga".

Según ó anterior, o prazo do contrato comenaríase a computar a partir do 28 de agosto de 2003.

A Xunta de Goberno local en sesión celebrada o 2 de outubro de 2006, acordou aprobar a 2ª prorroga e última do programa educativo Vigo por dentro, a o Lote B) (transportes), a Autocares la florida, con efectos do 27 de agosto de 2006 e 28 de agosto de 2007.

Segundo a documentación que consta no expediente de contratación a última revisión do prezo do contrato na parte correspondente o loteb) transporte, foi acordada pola Xunta de Goberno Local de data 13 de febreiro de 2006, e fixouse o prezo para o periodo comprendido entre o 28 de agosto de 2005 e 28 de agosto de 2006, na cantidade de 80.036,48 euros/ano, coa cantidade de 39.538,98 euros para viaxes dentro de termo municipal de vigo; e o prezo por Km. fora do termo municipal na cantidade de 1,92 euros.

A revisión anteriormente citada, era resultado de aplicar , na data de revisión, ó prezo actualmente vixente, o IPC comprendido no periodo agosto 2004/2005.

Para o calcula da revisión actualmente solicitada, o prezo fixado na Xunta de Goberno Local, de data 13 de febreiro de 2006, aplicaráselle o incremento do IPC de agosto 2005/2006, que según datos facilitados polo INE foi de 3,7%, do que resulta un prezo revisado do contrato no periodo de 28 de agosto 2006/2007 de 82.997,82 euros, dos que 41.001,92 euros/ano corresponden avaxes dentro do termo municipal, e un prezo revisado por Km., fora do termo municipal de 1,99 euros.

Polo exposto, previo informe da Intervención Xeral, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO

Aprobar a revisión de prazos do contrato do Programa educativo, Vigo por Dentro, do Lote B), transporte, adxudicado a autocares La Florida, S.A., establecendo o prezo do contrato, a partir do día de 28 de agosto de 2006, na cantida de 82.997,82 euros/ano, dos que 41.001,92 euros corresponden a viaxes a realizar dentro do termo municipal de Vigo; e fixando o prezo por Km., fora do termo municipal na cantidade de 1,99 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

43(335).- RECUPERACIÓN DE OFICIO DA POSESIÓN DE PROPIEDADE MUNICIPAL SITA NA AVDA. DE CASTRELOS Nº 118. EXPTE. 17649/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio e Contratación do 24.07.06, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e polo titular da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LRBRL).
- L 33/2003 de 3 novembro , do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).
- L30/1992 de 26 de novembro, de Reximen Xurídico das Administracións Publicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- RDL 781/1986 de 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Reximen Local (TRRL)
- RD 2568/1986 dde 28 de novembro, do Regulamento da Organización, Funcionamento, e Reximen Xurídico das Entidades Locais. (ROFRXEL).
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- Por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de 13 de FEBREIRO de 2006 incouse expediente de recuperación de oficio da posesión da propiedade municipal Nº 800 sita Avda. de Castrelos nº 118, pola sua ocupación nunha superficie de 50 m2 pola entidade ARTE ALPIDE SL, mediante a ampliación do local de planta baixa colindante.

*SEGUNDO.-*Notificado o interesado o acordo incoatorio do expediente de recuperación posesoria en data 28 de abril de 2006 , non consta a presentación de alegacións o procedemento no prazo que lle foi outorgado o efecto.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- O Concello de Vigo é titular da propiedade nº 800 do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, co denominación CESION 261M2 ZONA VERDE AVDA: CASTRELOS, de natureza demanial afecto o uso público e sita no nº 118 da Avda. de Castrelos, adquirida mediante escritura pública de 31.07.1981 autorizada polo Notario D. Alberto Casal Rivas baixo o nº 2690 do seu protocolo, e inscrita no Rexistro da Propiedade nº 5 , tomo 462, folio 122. Finca 33648.

SEGUNDO.- Que según resulta dos informes obrantes no expediente, sobre a mesma existe unha ocupación, nunha superficie de 50 m2, por parte do local comercial en planta baixa do edificio nº 118 da Avda. Castrelos

pertencente a sociedade ARTE ALPIDE SL, e denominado Galeria de Arte y Enmarcado, da que resultou xerente D. Carlos Vila Rodriguez.

Non tendose constancia de que se houbera outorgado autorización administrativa para a ocupación privativa da propiedade municipal, como en todo caso resulta preceptivo e obrigado consonte á normativa vixente, que poidera lexitimar, no seu caso, as actuacións levadas a cabo, débese considerar que os feitos constatados, resultan constitutivos dunha usurpación ou ilícita posesión do patrimonio municipal que motiva o exercicio das accións de recuperación posesoria e defensa do patrimonio que a normativa vixente lle recoñece ás Entidades Locais.

TERCEIRO.- Que consonte ó disposto no artigo 4 e 5 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Reximen Local, art. 28 da LPAAPP, art. 270 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia e o artigo 9 do R.D. 1372/86 de Bens das Entidades Locais, estas teñen plena capacidade xurídica para a adquisición e posesión de toda clase de bens e dereitos así como para o exercicio das accións e os recursos que sexan procedentes na defensa do seu patrimonio.

CUARTO.- Que así mesmo, recoñeceselle ás Entidades Locais a facultade de recuperación de oficio da posesión dos seus bens, tanto os de natureza patrimonial coma os demaniais (art. 41 e 55 LPAAPP, art. 283 da LALG, artigo 82 da LRBRL, e artigo 44 e 70 do RBEL que a desenvolve).

O exercicio de acción recuperatoria dos bens demaniais non está suxeito a límite temporal poidendo ser exercitada en calquera momento, establecéndose pola contra o prazo dun ano cando o ben obxecto da acción sexa de natureza patrimonial.

QUINTO.- Resultando do expediente tramitado a ilícita ocupación da propiedade municipal, procede consecuentemente que polo organo competente se adopte o acordo de recuperación de oficio, requeríndoselle o interesado para que proceda o seu desaloxo demoliendo as obras de ampliación do local na superficie municipal ocupada, con apercibemento, noutro caso, da utilización dos medios compulsorios legalmente admitidos (art. 71 RBEL), e en concreto da execución forzosa prevista e regulada no capítulo V título VI da LRXAP e PAC.

SEXTO.- Corresponde a Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría Xurídica, a adopción do acordo do exercicio da acción de recuperación de oficio da propiedade municipal na defensa dos seus bens demaniais, de conformidade co disposto no art 127.1.j LRBRL, art 54.3 TRRL, e art. 9 RBEL).

Por todo o anteriormente exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“1º.-Recuperar de oficio a posesión da propiedade municipal nº 000800, sita na Avda. de Castrelos nº 118 desta cidade, ante a súa ocupación ilícita, pola entidade ARTE ALPIDE SL, nunha superficie de 50 m2, mediante a ampliación do local en planta baixa colindante chamado Galeria de Arte y Enmarcado.os.

2º.- Concederlle a entidade ARTE ALPIDE SL, ó prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte a notificación do presente acordo, para que procedan o derribo das obras de ampliación deixando baleira a propiedade municipal de toda construción.

3º.-Apercibilille que transcorrido o prazo outorgado, e no caso de incumprimento, procederase por esta Administración a execución forzosa do ordeado, consonte o previsto na LRXAP e PAC, correndo do seu cargo os gastos que se orixinen.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

44(336).- EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN DA TITULARIDADE MUNICIPAL DE PARCELA EN RÚA ALFONSO A. VÁZQUEZ. EXPTE. 17687/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposita da técnica de Amdón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 9.02.07, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACION

- *Lei 33/2003, de 3 de novembro do patrimonio das administracións públicas (LPAP).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia (LALG).*
- *Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais (RBEL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP).*

FEITOS:

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 8 de maio de 2006 acordou, de acordo co disposto nos arts. 45 e ss. do RBEL, iniciar expediente de investigación de oficio da titularidade municipal da parcela “Rúa Alfonso Alvarez Vázquez”, sita na rúa Buenos Aires da parroquia de Teis, no término municipal de Vigo, dunha superficie de 594 m², e cos seguintes lindeiros: N - edificios nºs 4 e 6 da rúa Buenos Aires e nº 260 da rúa Sanjurjo Badía; S - Xunta de Galicia; L - rúa Buenos Aires; O - Xunta de Galicia, con fundamento en dar cumprimento ao acordo do Pleno Municipal de data 27 de febreiro de 2006, de inscrición no Rexistro Municipal de Bens e Dereitos do Concello de Vigo dos terreos da rúa Alfonso Alvarez Vázquez.

SEGUNDO.- No expediente incorporáronse os informes e demais documentación, que, en relación á Rúa Alfonso Alvarez Vázquez foron emitidos e constan no expediente 13.441-423, sobre o que recaeu o acordo do Pleno Municipal do 27 de febreiro de 2006. Así mesmo, solicitouse do Servizo de Cartografía da Xerencia de Urbanismo informe descritivo do terreo obxecto de investigación coa superficie e lindeiros, así como plano de situación e deslinde del, que foi emitido o día 11 de abril de 2006, e obra no expediente.

TERCEIRO.- Consonte co disposto no art. 49 do RBEL o acordo de inicio do expediente foi publicado no BOP, con expresión das características identificativas da parcela obxecto de investigación, e tamén foi exposto no taboleiro de anuncios da Casa do Concello durante un prazo de 15 días, dando traslado del tanto á Administración do Estado como á Administración Autonómica, emitindo esta última informe de 22 de xuño de 2006 no que afirma que consultado o Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Comunidade Autónoma non consta ningún inmóbel de titularidade autonómica que cumpra as características que se indican.

CUARTO.- Así mesmo, do acordo de inicio déuselle traslado, como interesados no expediente, á Comunidade de Propietarios dos garaxes do baixo posterior da rúa Sanjurjo Badía nº 260, á Comunidade de Propietarios do soto de garaxes da rúa Sanjurjo Badía nº 260, e á Comunidade de Propietarios do edificio nº 4 da Avda. de Buenos Aires, que, por escrito de entrada no Concello de Vigo, alegan o que estiman procedente en defensa dos seus intereses e solicitan o arquivo do expediente e que se declare a inexistencia de titularidade pública da parcela. Achegan 32 folios con sinaturas veciñais, así como documentación en apoio da súa solicitude.

QUINTO.- A Comunidade de Propietarios do edificio da Avda. de Buenos Aires nº 6, que tamén foi notificada do inicio do expediente, e que figura personada nel, por escrito de entrada no concello o día 14 de agosto de 2006, polas razóns que expón, solicita se dicte resolución pola que se declare a rúa Alfonso Alvarez Vázquez de titularidade municipal, e se proceda á súa inscrición no Rexistro Municipal de Bens e Dereitos do Concello.

SEXTO.- Sometido o expediente a período de proba, admitíronse as seguintes:

I - Respecto das propostas pola Comunidade de Propietarios do edificio nº 6 da Avd. Buenos Aires:

- Consulta ao Servizo 010 do Concello de Vigo solicitando a localización da rúa Alfonso Alvarez Vázquez, e que foi emitido o 6.11.2006.*
- Solicitude á Xerencia Municipal de Urbanismo-Cartografía do mapa da zona con lenda, que foi remitido e que obra no expediente.*

II – Respecto das propostas polas Comunidades de Propietarios dos garaxes do baixo posterior da rúa Sanjurjo Badía nº 260, do soto de garaxes da rúa Sanjurjo Badía nº 260, e da Comunidade de Propietarios do edificio nº 4 da Avda. de Buenos Aires:

- Documental aportada co escrito de alegacións de 8.8.2006.*
- Documental achegada ao Concello nos expedientes de licenzas nº 53.287/421 e 55.151/421.*
- Testifical proposta, consistente no interrogatorio de catro veciños de barrio, e que foi practicada en data 14 de novembro de 2006, levantándose actas de comparecencia ao respecto que figuran no expediente.*

SETIMO.- Solicitouse do Servizo de Vías e Obras do Concello informe dos servizos públicos instalados na parcela da rúa Alfonso Alvarez Vázquez, o que foi cumprido en sendos escritos de 6.11.2006 e 28.11.2006, este último ampliatorio do anterior.

OITAVO.- En trámite de audiencia, tiveron entrada as seguintes alegacións:

I – De D. Manuel Colón Pérez, en representación do edificio de Avda. Buenos Aires nº 6, que en síntese dí que é un feito indubitábel que a parcela está incorporada como rúa ao patrimonio municipal dende o acordo plenario de 29.9.1981, que foi inaugurado solemnemente como rúa e ten ese carácter para os que solicitaron o peche dela. Invoca a doutrina dos actos propios e de protección da confianza lexítima, e que se realizaron cesións de terreos para a súa construción, figurando grafada coa mesma lenda que outras rúas cercanas de uso e servizo público. Tamén que o PGOU de 1993 califica a zona como verde e libre, do xeito que a licenza é nula de pleno dereito, e que os datos do Inventario municipal de bens e dereitos non poden surtir de efectos fronte a terceiros nin ser utilizados para facer valer dereitos fonte á Administración.

II – Das Comunidades de Propietarios de garaxes do baixo posterior da rúa Sanjurjo Badía nº 260, e do edificio nº 4 da Avda. Buenos Aires, que expoñen dun xeito resumido que: a suposta rúa Alfonso Alvarez Vázquez non existe nin física nin xuridicamente, nin hai documentación ningunha da que resulte acreditada que o Concello é titular dos terreos obxecto do peche denunciado; as probas da inexistencia do vial veñen probadas polo propio Concello, e está acreditado que non existe vial municipal. Ratifícanse no escrito de alegacións e achegan copia da solicitude formulada pola Xunta de Galicia en escrito de 12.12.2006 para transitar e permanecer na parcela, por obras.

FUNDAMENTOS

Primeiro.- Tanto o art. 45 da LPAAPP, de carácter básico para tódalas administracións públicas, como o art. 45 do RBEL, outorgan ás corporacións locais a facultade de investiga-la situación dos bens e dereitos que se presumen da súa propiedade, sempre que esta non conste de modo certo, a fin de determina-la súa titularidade. Esta facultade permite que a Administración se poida atribuir con efectos constitutivos a titularidade dun determinado ben, cun efecto inmediato, cal é a súa inclusión nos inventarios administrativos correspondentes e no Rexistro da Propiedade.

Polo tanto, acreditada a titularidade municipal, de modo certo, a través dos medios de proba que obren no expediente de investigación, o ben de que se trate inscribírase no Inventario de Bens e Dereitos do Concello, con expresión, entre outros, do título en virtude do que se atribue dita titularidade á Administración, (art. 20 RBEL) e arquivando dun xeito separado e en especial os títulos de dominio, actas de valoración e deslinde, consignando como último dato a sinatura do lugar do arquivo no que obre dito soporte documental.

Consecuentemente co anterior, no procedemento de investigación, trátase de probar con certeza a titularidade municipal dun ben, neste caso a parcela cuestionada, e de documenta-la mesma.

Segundo.- O art. 79 da LBRL, art. 263 da LALG, e art. 2 do RBEL clasifican os bens das Entidades Locais en bens de dominio público e bens patrimoniais. Son bens de dominio público, entre outros, os camiños, prazas, rúas e paseos de aproveitamento ou utilización xeral, cuxa conservación e policía sean competencia da entidade local. Son bens patrimoniais os que sendo propiedade da entidade local, non están destinados ao uso ou servizo público, entre outros, as parcelas sobrantes.

Terceiro.- Da documentación obrante no expediente, resultan acreditados os seguintes extremos:

- I – Á vista do informe do Servizo de Estatística do Concello, de 14.12.2005 que: no plano do rúeiro municipal que achega, non figura ningunha rúa co nome de Alfonso Alvarez Vázquez, así como que o Pleno do Concello na súa sesión de data 29.9.1981 acordou dar o nome de Alfonso Alvarez Vázquez á rúa do barrio de Teis, situada entre as rúas Buenos Aires e prolongación de Espiñeiro, paralela á rúa Boán.*
- II – Do informe de 12.1.2006, emitido pola oficina de Inventario municipal, que: A rúa Alfonso Alvarez Vázquez: non figura grafada como vial público no Inventario municipal de viales nin na folla cartográfica oficial; non figura no listado de características técnicas das vías públicas na parroquia de Teis; e non figura recepciónada na oficina do Inventario escritura ou documentación de cesión de terreno para vial na ubicación reseñada.*
- III– Do informe do topógrafo municipal, do 25.1.2006, que: O PXOU 1993 non contempla ningún vial como rúa en proxecto; e que, da inspección visual e fotografías obrantes no expediente, a parcela en cuestión trátase dun fondo de saco, sen saída e unicamente dá acceso aos garaxes existentes e aparentemente non dispón de servizos urbanísticos.*
- IV– Do informe de 25.1.2006 da Xerencia Municipal de Urbanismo, que: Á vista das licenzas outorgadas en edificios lindantes coa parcela obxecto de investigación, da documentación examinada dedúcese que non se esixiu a cesión de superficie para vial en ningunha das licenzas citadas.*
- V– Do informe de Aqualia de 5.4.2006 que: na zona indicada no plano que achega, e que coincide co terreno investigado non hai redes de abastecemento nin de saneamento tutelados pola empresa.*
- VI– Dos informes do Servizo de Vías e Obras de 6.11.2006 e 28.11.2006, ampliatorio do anterior, que: ao menos en superficie a rúa carece, aparentemente de servizo público ningún, achegando planos de redes de*

abastecemento e sanemento (facilitados por Aqualia), onde se comproba a inexistencia deles na rúa, e que outros servizos municipais non se atopan instalados no “callejón”.

VII- Da proba testifical practicada que:

- *Non hai ningún servizo público na zona, que non dispón de calzada, beirarrúas ou asfaltado.*
- *A parcela non é coñecida como rúa, nin co nome de Alfonso Alvarez Vázquez.*
- *O seu uso é de acceso aos garaxes dos edificios lindantes, e de aparcamento.*
- *O Concello non foi visto en operacións de limpeza, mantemento, ou de retirada de vehículos polo quindastre municipal.*
- *Na parcela hai un xardín que coidan os veciños.*

Cuarto.- O acordo do Pleno do concello de Vigo de data 29.11.1981, de dar o nome de Alfonso Alvarez Vázquez á parcela investigada, e a súa posterior inauguración, non é conforme co disposto no ordenamento xurídico, un título válido de adquisición da propiedade municipal ou dereito ningún, e foi un acto de carácter unilateral que non tivo consecuencia xurídica ningunha. É por isto que ten que ser rexeitada a aplicación da doutrina dos actos propios que invoca a Comunidade de Propietarios do edificio da Avda. de Buenos Aires nº 6, por canto de conformidade coa xurisprudencia reflexada do Tribunal Supremo (por todas, STS de 15.12.2005), esta doutrina esixe que tales actos propios se realicen co fin de crear, modificar ou extinguir algún dereito, causando estado, e definindo a situación xurídica do mesmo, tendo que ser concluintes e definitivos, por canto non poden reputarse como actos propios os que non dan lugar á dereitos e obrigas, e isto último nin acontece nin está probado neste expediente. A actuación do Concello non reviste, en relación coa parcela investigada, en modo ningún, os requisitos de vinculación xurídica e eficacia xurisprudencialmente esixidos. A interpretación desta doutrina alegada implica unha extrapolación dela que non pode ser estimada.

Quinto.- O principio de seguridade xurídica que tamén se invoca para fundamentar o carácter público da parcela, positivizado no art. 3.1 p.2 da LRXAP, que ten o seu fundamento na protección da confianza depositada no comportamento da Administración, e o deber de coherencia con dito comportamento (STS 21.12.2001), esto é, a confianza lexítima dos cidadáns de que a actividade da Administración non pode ser alterada arbitrariamente, xogaríase en todo caso neste suposto a favor da titularidade privada da parcela, por canto resulta probado que non houbo cesión formal dela nin hai título demanial ningún, que nela non se instalou ningún servizo municipal nin ningunha actuación material de uso ou servizo público, nin siquera de mantemento ou de policía, outorgándose, ao contrario, licenza de peche nela o 7.7.2005.

Sexto.- Por outra parte, ten declarado o Tribunal Supremo (STS 24.12.1996), que a inclusión nun Plan Xeral de Ordenación dun terreno de propiedade privado como destinado a viais, e a obriga de cesión gratuita aos Concellos dos terrenos destinados a eles, non determina por sí só a súa conversión en dominio público municipal, xa que é necesario que esa cesión gratuita se leve a cabo con arreglo ás normas de procedemento aplicábeis, de inexcusábel aplicación, e a cesión prodúcese coa correspondente acta de recepción que é o que produce a transmisión ao Concello da titularidade municipal (STS 24.12.1996).

Por todo o que ao non resultar acreditado, ao longo do expediente, dereito ningún do concello sobre a parcela cuestionada, PROPÒNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, NO USO DAS FACULTADES QUE LLE ATRIBÚE A LEXISLACIÓN VIXENTE, O SEGUINTE ACORDO

Primeiro.- Declarar que ao efecto, non resulta acreditado nin consta dun modo certo a existencia de dereito ningún do Concello sobre a parcela investigada.

Segundo.- Dar traslado ao Pleno do Concello de que non procede a inscrición no Rexistro Municipal de Bens e Dereitos do Concello da parcela investigada, por non ter o Concello de Vigo dereito ningún sobre ela.

Terceiro.- Proceder ao arquivo do expediente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

45(337).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes das oficinas técnicas, os informes de Intervención Xeral e de acordo cos informes do xefe de Negociado de Contratación, do 26.02.07, a Xunta de Goberno local acorda:

a) Devolver a Obras y Construcciones Dios S.A. a fianza de 1.466,80 € constituída para responder da construción da 2ª fase do muro e peche do CEIP Coutada-Beade xa que foron recibidas mediante acta de 16.11.05 por executarse conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. EXPTE. 1664/241.

b) Devolver a Movexvial S.L. a fianza de 6.499,93 € constituída para responder da “humanizaición da rúa Velázquez Moreno (entre Progreso e Ronda) xa que as obras foron recibidas mediante acta de 22.01.04 por executarse conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. DOC. 70020397.

46(338).- RECLAMACIÓN DE D^a. M^a DEL CARMEN ALVAREZ VELOSO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 574/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 26.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María del Carmen Álvarez Veloso presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 20 de abril de 2005, no que expón que o día 20 de abril de 2005, o vehículo de súa propiedade, matrícula 9833-CMC, ó ser retirado polo guindastre municipal, sufriu unha serie de danos materiais.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo da Policía Local, con data 04/08/2005, indicando non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, 13/09/2005, manifestando que os prezos contidos no presuposto de reparación de Talleres Licarsa, presentado pola reclamante, por un valor de 83,66 euros son correctos.*

- Informe da empresa Estacionamientos y Servicios, concesionaria do guindastre municipal, con data 22/09/2005, no que manifestan non se faceren cargo dos danos reclamados unha vez que estes xa existían antes de engancharen o vehículo.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 13/02/2006, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- En primeiro lugar, e con antelación ó exame dunha posíbel responsabilidade da Administración nos feitos que a solicitante relata, procede, de conformidade co que dispoñen tanto o artigo 31 como o 139 da Lei 30/1992, examinar a lexitimidade desta para iniciar o procedemento, en tanto que titular dos seus bens, dereitos ou intereses supostamente afectados pola actuación administrativa, xa que isto determina a necesaria relación entre o suxeito prexudicado e o patrimonio lesionado (ditame Consello Consultivo de Galicia 21/1996).

E así, se ben Dna. María del Carmen Álvarez Veloso presenta reclamación por danos sufridos no vehículo con matrícula 9837-CMC ó ser retirado polo guindastre o día 20/04/2005, da documentación que achega ó expediente resulta que o propietario do vehículo é D. Manuel Iglesias Otero, o tomador do seguro obrigatorio é D. José Manuel Iglesias Otero, e o permiso de circulación do vehículo está a nome de D. José Manuel e outro. Á marxe de que non se achegou documentación administrativa ningunha que acredite a súa titularidade do vehículo, tampouco se acreditou que o titular concedese a representación á reclamante, ou que esta exista ou que ten interese no resarcimento do suposto dano.

Polo exposto, e sen entrar no fondo do asunto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María del Carmen Álvarez Veloso polos danos ocasionados ó vehículo 9833-CMC, retirado polo guindastre municipal o 20 de abril de 2005, por falta de lexitimación activa por parte da reclamante”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

47(339).- RECLAMACIÓN DE D. EFRÉN CUEVAS PEÑA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 581/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 26.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Efrén Cuevas Peña presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26 de abril de 2005, no que expón que o día 24 de abril de 2005, o vehículo de súa propiedade, matrícula PO-7019-AW, ó ser retirado polo guindastre municipal, sufriu unha serie de danos materiais.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo da Policía Local, con data 23/08/2005, indicando non teren constancia dos feitos reclamados.*
- *Informe do servizo de Parque Móbil, 22/09/2005, manifestando que os prezos contidos no presuposto de Talleres Tea, presentado polo reclamante, por un valor de 226,86 euros son correctos.*
- *Práctica de proba testifical, con data 18/10/2005, á testemuña proposta polo reclamante, que confirma os danos sufridos no vehículo mais no estaba presente no momento en que estes se produciron.*
- *Evacúase trámite de audiencia á empresa Estacionamientos y Servicios, concesionaria do guindastre municipal, que formula alegacións con data 25/10/2005, indicando non se faceren cargo dos danos ocasionados, unha vez que estes xa existían antes de engancharen o vehículo.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, con data 10/11/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non

obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992).

Nesta liña, o instrutor dirixiuse á empresa Estacionamientos y Servicios S.A., concesionaria do servizo de retirada, depósito e custodia de vehículos da vía pública por se tivesen constancia dos feitos, a cal achega as fotos efectuadas ó vehículo antes de ser retirado polo guindastre, nas que se aprecia que este presentaba diversos golpes na carrocería.

Así mesmo, na ficha de retirada do vehículo ás 22:32 horas, constan no parágrafo observacións “golpes, rascazos y abolladuras. Defensa rota”. As mesmas observacións describíense na taxa pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos nº 005446/05, que obra no expediente, no parágrafo referente ó “estado do vehículo”, que encheu a Administración, aínda que o reclamante tamén o fai notar.

A testemuña proposta polo reclamante na proba que se practicou ó efecto reconece que non viu como se produciron os danos no vehículo, tampouco viu sacar as fotografías no momento da retirada do vehículo nin as manobras da súa carga no guindastre.

De todo o anterior, dedúcese que non hai proba fechacente de que os danos se produciron por ningunha manobra do guindastre, que cando se recolleu o vehículo fixéronse constar xa eses desperfectos, así que como afirma o propio reclamante a praza onde tiña aparcado o vehículo atópase nunha calella con máis condicións, mala accesibilidade, dificultade para manobra, polo que de non ter o dito vehículo os defectos con anterioridade, é plausíbel a intervención dun terceiro nos feitos, e consonte coa doutrina xurisprudencial consolidada hai exoneración da Administración nestes supostos (STS 29/03/1999 entre outros).

Terceiro.- Consecuentemente, ó non se acreditar o nexo causal que a lei esixe entre os danos do vehículo e o funcionamento dun servizo público municipal, procede non estimar a solicitude de responsabilidade patrimonial.

Polo exposto, PROPÓNSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por D. Efrén Cuevas Peña por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar probada a existencia relación de causalidade entre os mesmos e o funcionamento, normal ou anormal, do servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

48(340).- RECLAMACIÓN DE D^a. M^a ENCINA PRADA ORALLO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 587/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. M^a Encina de las Mercedes Prada Orallo presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 20 de abril de 2005, no que expón que o día 13 de febreiro de 2005, camiñando pola pasarela de madeira instalada na praia do Mende (Teis), sufriu unha caída por atoparse o paso peonil en condicións non idóneas, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 04/05/2005.
- Informe do Grupo de Traballo de Praias, con data 29/06/2005, referido ó estado da pasarela.
- Informe do servizo de Medio Ambiente, con data 30/08/2005, referido ó estado da pasarela.
- Práctica de proba testifical, con data 30/09/2005, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. Prada.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 6.201,14 euros.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 23/03/2006, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento extraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliabel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración

(artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- O día 13 de febreiro de 2005 a reclamante sufriu unha caída traumática cando transitaba como peón nunha pasarela de madeira no areal de Mende en Teis. A consecuencia dela tivo unha lesión que a Asesoría Médica do Concello valora no seu ditame en 6.201 euros.
- Se ben o interesado afirma que os defectos que tiña a pasarela non era visíbel dende a distancia, nas fotografías que hai no expediente obsérvanse claramente, e o informe do servizo de Medio Ambiente deste Concello de data 30/08/2005, baseado no do grupo de traballo de Praias de 29/06/2005 di que as anomalías debidas á podredume provocaban que tres travesas estivesen a un nivel 3 ou 4 centímetros inferior ás demais no lado dereito, ollando desde a praia, así como que cabe dicir que a anomalía era perceptíbel dende o inicio da pasarela, e asemde non parecía esencialmente perigoso ó ser nun lado pegado á varanda.
- Resulta un dato importante no expediente o de determinar se faltaba ou non a varanda no treito defectuoso por canto impedirá a suxeición no camiñar por el. Se be as testemuñas afirman na proba practicada ó efecto, que esta faltaba en todas as fotografías achegadas, incluso os que se achegan pola reclamante, obsérvase que no tramo deteriorado, ó carón da varanda, esta atópase en perfectas condicións de uso. De ahí que no informe citado do servizo de Medio Ambiente establézase a falta de perigo.
- O accidente ocorreu a mediodía, era un día sollozo e había unha boa visibilidade.

Do anterior, así como que unha das testemuñas afirma que se ben non viu caer a máis ninguén con anterioridade pero si pasar con moito coidado, tendo en conta que Dna. María Encina de las Mercedes é unha persoa de mediana idade, da que non consta ningún tipo de impedimento físico, constátase que os defectos eran visíbeis a distancia, non ocultos e que, ó estaren ó carón da varanda, non consituían un risco que non puidese ser evitábel coa debida dilixencia ó camiñar. Cómpre terse en consideración a este respecto o ditame do Consello Consultivo de Galicia número 160/2006, que nun suposto de desnivel entre baldosas de 1 ou 2 centímetros, considerou que estes non eran ocultos.

Cuarto.- Considerando que non se trataban de defectos ocultos, así como que a reclamante non controlou o seu propio deambular, e polo tanto ó non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, estímase o suceso como accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. M^a Encina de las Mercedes Prada Orallo por unha caída ocorrida o día 13 de febreiro de 2005 na Praia do Mende, por non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

49(341).- RECLAMACIÓN DE PELAYO MUTUA DE SEGUROS (D. JESÚS ANGEL VARELA VILLAVERDE) DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 495/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 16.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

Pelayo Mutua de Seguros presenta reclamación de responsabilidade patrimonial a nome de D. Jesús Ángel Varela Villaverde, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 10 de febreiro de 2005, no que expón que o día 24 de agosto de 2004 o Sr. Varela circulaba co vehículo de súa propiedade e asegurado pola devandita compañía, matrícula PO-1970-BP, pola Baixada ó Castaño e provocou danos materiais no mesmo ó pasar por encima dunha focha existente na calzada.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 24/08/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Varela relátalles o accidente que tivera; igualmente, comprobamos os danos no vehículo e a existencia da focha no centro da calzada, que sinalizan co fin de evitar outros accidentes.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 28/04/2005, manifestando que a focha á que se refire o expediente foi reparada o 28/09/2004.*
- Informe do Parque Móbil, de 06/05/2005, comunicando que os prezos contidos na factura nº 2403196 de Neumáticos J. Sánchez S.L., presentada polo reclamante, por un importe de 228,29 euros IVE incluído, son correctos.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, con data 10/06/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial.

Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Terceiro.- Así mesmo, a carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

No expediente, hai parte de servizo así como informe da Policía Local de Vigo, conforme persoados no lugar do accidente verificaron que a focha atópase no medio da calzada, supoñendo un risco para o tráfico rodado, así como que o vehículo tiña deformacións na cuberta traseira do seu lado dereito. Así mesmo, consta informe do servizo do Parque Móbil de que os prezos contidos na factura que o reclamante achega por un prezo de 228,28 euros IVE incluído son correctos.

Polo exposto, PROPÓNSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Pelayo Mutua de Seguros en nome e representación de D. Jesús Ángel Varela Villaverde e indemnizar ó Sr. Varela na contía de 228,29 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

50(342).- RECLAMACIÓN DE D^a. M^a PILAR MARIÓ FERNÁNDEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 457/243. ESTIMADA PARCIALMENTE.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 15.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María Pilar Mariño Fernández presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 07 de xaneiro de 2005, no que expón que o día 19 de xuño de 2004, mentres camiñaba pola rúa García Barbón, á altura do número 103, tivo unha caída por mor do mal estado das lousas da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, con data 19/06/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, dúas testemuñas da caída relátanlles o accidente que tivera a Sra. Mariño, sendo esta trasladada ó hospital; igualmente, comprobán a existencia de seis baldosas soltas, ás que sinalizan para evitar outros accidentes.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 03/02/2005, manifestando que a zona atopábase en perfecto estado de conservación.*

- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 3.621,84 euros.*
- *Práctica de proba testifical, con data 08/06/2005, á testemuña proposta pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. Mariño.*
- *Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 06/07/2005.*

Fundamentos de dereito

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- É preciso, polo tanto, en primeiro lugar, constatar a existencia dun dano efectivo, individualizado e avaliabel economicamente. E así, resulta acreditada que a solicitante caeu o día 19 de xuño de 2004, ó saír do seu domicilio, na beirarrúa, o ditame da Asesoría médica do Concello di “Por las características de la lesión y los informes médicos aportados no se hacen constar complicaciones de la lesión que ha presentado y por lo tanto me parece excesivo el que precisara 136 días de curación, dado que de no existir informes médicos que justifiquen o confirmen la mala evolución de la fractura de colles, con 6 semanas de inmovilización con yeso y 6 semanas post-inmovilización, es tiempo más que suficiente para una correcta y completa curación sin secuelas”.

Terceiro.- No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Do parte de servizo da policía Local conséntase o deficiente estado da beirarrúa o día de caída. Así mesmo, da proba testifical practicada que era de día e había unha boa visibilidade, e os defectos podían verse a uns dous ou tres metros.

Engadidamente, e conforme coa doutrina sentada polo Consello Consultivo de Galicia en ditame 291/2006, para un suposto similar, hai unha circunstancia moi cualificada e relevante que debe terse en conta e é que a reclamante reside “a carón” do defecto estrutural da vía, concretamente a caída prodúcese ó saír da súa casa. Era polo tanto coñecedora do mal estado da beirarrúa, como da mesma manifesta no seu escrito de 21/06/2004, indicando que o mal estado das lousas leva meses sen solucionar. A testemuña proposta afirma tamén que os desperfectos da vía pública levaban bastante tempo nesas condicións. Polo que consonte coa doutrina indicada pódese dicir que houbo unha falla de dilixencia no control na propia deambulación de Dna. María Pilar Mariño, o que propiciou a súa caída.

Non obstante, hai dúas circunstancias que constan no expediente que atemperan en parte o anterior: que Dna. María Pilar Mariño é relativamente unha persoa maior, e que a testemuña proposta afirma que había lousas rotas e outras que aparentemente estaban ben pero que se movían ó pisalas, sen que se puidese ver, aínda que non lembra onde caeu a reclamante, que puido caer nesa zona ou en outra, xa que ese dato non consta. Cómpre indicar ó respecto a xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 22/07/1998), que di que naqueles casos nos que o dano poida acaecer por concorrencia de causas imputábeis unhas á Administración por funcionamento anormal do servizo e outras a persoas alleas e inclusive ó propio prexudicado, proceden criterios de compensación (asumindo cada unha a parte que lle corresponde) ou de atemperar a indemnización as características ou circunstancias concretas do caso examinado.

Cuarto.- Consecuentemente co anterior, pódese concluír que aínda que a negligencia da vítima interferiu no nexo causal co seu defectuoso control do propio deambular, tendo en conta as circunstancias sinaladas, pódese concluír que hai unha concorrencia de culpas entre a reclamante e a Administración, polo que procede indemnizar a solicitante co 50% da valoración da indemnización por danos corporais estimada no ditame emitido pola Asesoría médica do Concello, isto é, coa cantidade de 1.810,92 euros.

Polo exposto, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

“Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María Pilar Mariño Fernández por unha caída ocorrida o día 19 de xuño de 2004 na rúa García Barbón e indemnizala coa contía de 1.810,92 euros”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

51(343).- RECLAMACIÓN DE D^a. AMPARO ESTÉVEZ VILLAR DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 947/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 19.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Amparo Estévez Vilar presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 14 de febreiro de 2006 no que expón que o día 9 de novembro de

2005 o vehículo de súa propiedade, con matrícula M-6034-TD, mentres estaba estacionado na rúa Arbo sufriu danos materiais por mor dun colector de lixo que se incendiou.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte de servizo da Policía Local, de data 09/11/2005, no que os axentes actuantes manifestan que foron requeridos ó lugar do accidente por un aviso de incendio nun colector que afectou a varios vehículos, incluído o da Sra. Estévez, comprobando os danos nel provocados.
- Informe do servizo de Bombeiros, de data 28/02/2006, sobre a intervención realizada na rúa Arbo o día 9 de novembro.
- Informe do servizo de Limpeza, de 07/03/2006, no que manifestan que se repuxo o colector incendiado e que se descoñece quen puido realizar o acto vandálico que provocou o incendio.
- Informe do Parque Móbil, de 10/03/2006, comunicando que os prezos contidos no informe pericial de ITEM, presentado pola reclamante, por un importe de 4.119,68 euros IVE incluído, son correctos.
- Decreto da alcaldía, de 10/03/2006, polo que se rechaza a proba testifical por ser reiterativa, unha vez que o informe do servizo de Parque Móbil xa dá por correcta a cuantificación dos danos reclamados.
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 04/04/2006.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Procede, polo tanto, verificar, en primeiro lugar, a existencia dun dano e que este é avaliabel economicamente.

E así, do informe da Policía Local, así como do parte de servizo dos axentes 367 e 267 da mesma, consta de que informados ás 3:25 horas do día 09/11/2005 dun incendio nun colector de lixo e persoados minutos máis tarde no lugar, o vehículo da marca Chrysler, modelo Voyager, matrícula M-6034-TD, resultou con danos no seu lateral dereito, ambas rodas e cristais a consecuencia do dito incendio. A factura de reparación ó efecto así como o informe pericial de ITEM estiman os mesmos en 4.119,68 euros, que o servizo do Parque Móbil do Concello estima correctos.

Terceiro.- A xurisprudencia do Tribunal Supremo ten reiterado que a responsabilidade da Administración ten un carácter obxectivo, isto é, configúrase como de resultado, bastando para apreciala un nexo de causalidade entre o funcionamento dun servizo público e o dano causado.

Polo tanto cómpre acreditar a concorrencia dun nexo ou relación por vinculación causal entre o dano e o funcionamento dun servizo público.

Do exame do expediente, acréditase que a causa que orixinou o incendio non ten orixe interna na propia prestación do servizo público de recollida de lixo, senón que é unha causa externa a este, e desbotada a consecuencia dunha combustión espontánea ó ser de noite, o que de todos os xeitos sería moi improbable, parece ser que un terceiro, ben intencionado ou imprudentemente botou fogo ó colector de lixo. Neste senso, é doutrina xurisprudencial consolidada a que sostén a exoneración da responsabilidade da Administración, a pesar do seu carácter obxectivo, cando é a conduta dun terceiro a determinante do dano producido (STS 29/03/1999, 16/11/1998 entre outras; ditame do Consello Consultivo de Galicia de 08/03/2001 en suposto similar).

Cuarto.- Non obstante o anterior, a solicitante sostén que a responsabilidade patrimonial da Administración viría determinada polo incumprimento da Corporación Municipal das súas competencias atribuídas na Lei 7/1985, de 2 de abril, das Bases do Réxime Local, en materia de seguridade nas vías públicas a través da policía local, así como na actuación tardía do servizo municipal de Bombeiros.

Polo tanto, sentado que a Administración foi allea á orixe do incendio, o que así mesmo admite a solicitante, ó tratarse dun risco que procede dun terceiro, procede examinar se houbo un incumprimento desta das súas obrigas de prevención e extinción.

E así ten dito o Tribunal supremo (STS 04/05/1998), que a asunción pola Administración de determinadas competencias non a converte en responsábel de todos os feitos que de relación con elas acaezan, posto que non cabe considerar que o vixente sistema de responsabilidade patrimonial obxectiva das Administracións Públicas convirta a estas en aseguradoras universais de todos os riscos co fin de prevenir calquera eventualidade desfavorábel ou danosa derivada da actividade dos administrados, polo só feito de que exercen competencias no sector, porque do contrario transformaríase aquel nun sistema providencialista, non contemplada no noso ordenamento xurídico.

As sentenzas do Tribunal Supremo de 07/10/1997 e 03/12/2002 residencia a relación causal no estándar de rendemento ofrecido polo servizo público para evitar situacións de risco patrimonial ós usuarios das vías públicas.

No expediente non consta dun xeito fehaciente a hora na que o incendio comezou. O parte de servizo da Policía Local, así como o informe da Policía local ó respecto, din que sobre as 03:25 horas persoáronse no lugar tras recibir minutos antes un comunicado da Emisora Central dos feitos, e que momentos despois persoouse unha dotación do servizo de Bombeiros quen procedeu a sofocar o incendio. Pola súa banda, o servizo de Bombeiros informa que ás 03:20 horas do día, requiridos telefonicamente pola Policía Local, saíu do Parque de Bombeiros unha dotación cos seguintes medios materiais e humanos: un vehículo, un cabo, catro bombeiros e un condutor bombeiro.

Se ben hai un desfase de case 5 minutos entre ambos informes, a escasa diferenza considérase irrelevante, por canto o que resulta fundamental é a constatación de que a intervención de ambos os dous servizos foi rápida, case instantánea, unha vez avisados, dispoñendo dos medios materiais e persoais necesarios ó efecto, polo que a vixilancia foi correcta tal e como se deduce da reacción ante o suceso.

Quinto.- Consecuentemente co anterior, acreditado no expediente que a reclamante sufriu uns danos a consecuencia da actuación dun terceiro e que os servizos correspondentes da Administración actuaron con prontitude e dilixencia, procede non estimar a solicitude de responsabilidade patrimonial pola falta do nexo causal necesario entre o dano e o funcionamento dun servizo público.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dña. Amparo Estévez Vilar en relación ós danos materiais sufridos polo vehículo de súa propiedade, matrícula M-6034-TD, ocasionados o día 9

de novembro de 2005 na rúa Arbo, por falta do nexo de causalidade entre os danos padecidos e o funcionamento do servizo público municipal”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

52(344).- RECLAMACIÓN DE D. JUAN CARLOS DIZ RAMÍREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 15967/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 14.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Juan Carlos Diz Ramírez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 14 de abril de 2003, no que expón que o día 22 de xaneiro de 2003, estando estacionado o vehículo de súa propiedade, matrícula PO-7364-BJ, na rúa Juan Ramón Jiménez, diante de Casa Mar, caeu sobre este un trozo da fachada do edificio que se desprendera, causándolle unha serie de danos materiais, valorados en 749,29 euros.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo da Policía Local, con dat 12/06/2003, que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Informe da oficina de Novos Proxectos Urbanos, con data 27/06/2003, que manifestan que o edificio de Casa Mar é titularidade do Concello de Vigo.*
- Informe do Parque Móbil, de 22/09/2003, comunicando que os prezos contidos no presuposto de Gabisa Automoción, por un importe de 749,29 euros IVE incluído, resultan razoábeis en relación coa descrición dos danos*
- Práctica de proba testifical á testemuña proposta polo reclamante, en data 09/11/2004.*
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 01/12/2004.*
- Informe da oficina de Novos Proxectos Urbanos, de data 20/02/2006, no que indican non teren constancia da rotura de cristais na data do accidente.*
- Informe do servizo de Circulación viaria, de data 13/11/2006.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 24/01/2007, no que indican que os días 4, 5 e 6 de marzo de 2003 procederon ó valado do contorno de Casa Mar.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.

c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

d) Que non sexa produto de forza maior.

Dos datos que obra no expediente, reflectidos nos antecedentes, despréndese a realidade dos danos, a súa cuantificación económica, así como que os mesmos foron debidos polo desprendemento de parte dunha fachada do edificio “Casa Mar”, de titularidade municipal, o que evidencia unha directa relación causa efecto entre o dano causado ó vehículo e un servizo público (mantemento de edificios).

Polo exposto, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación patrimonial formulada por D. Juan Carlos Diz Ramírez, polos danos materiais causados ó vehículo de súa propiedade, matrícula PO-7364-BJ, accidentado o día 22 de xaneiro de 2003 na rúa Juan Ramimo Jiménez, e indemnizalo na contía de 749,29 euros, correspondentes ós devanditos danos”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

53(345).- RECLAMACIÓN DE D^a. MANUELA PIÑEIRO PÉREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1125/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 14.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Manuela Piñeiro Pérez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 23 de xuño de 2006, no que expón que o día 17 de xuño de 2006, mentres camiñaba pola Gran Vía, á altura do número 82, sufriu unha caída por mor da falta de dúas lousas na beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 17/06/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, comprobán a Sra. Piñeiro relátalles o accidente que tivera; igualmente, comprobán a falta das dúas lousas na beirarrúa, lugar onde a reclamante indica ter caído.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 30/08/2006, sobre o lugar onde ocorreu o accidente no que indican que o mesmo seguía sen repararse na data do informe.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 792,00 euros.*

- *Práctica de proba testifical, en data 24/10/2006, a unha das testemuñas propostas pola reclamante, que manifesta que non viu a Sra. Piñeiro tropezar e que o desperfecto era visíbel.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Dos datos que obran no expediente, reflectidos nos antecedentes, despréndese a realidade dos danos, a súa cuantificación económica, así como que os mesmos foron debidos por mor da falta de dúas lousas na beirarrúa, o que evidencia unha evidente relación de causalidade entre os danos padecidos pola reclamante e o funcionamento dun servizo público (a non reparación da beirarrúa).

Polo exposto, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

“Estimar a reclamación patrimonial formulada por Dna. Manuela Piñeiro Pérez polos danos físicos ocasionados por mor dunha caída ocorrida o día 17 de xuño de 2006 na Gran Vía e indemnizala na contía de 792 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

54(346).- RECLAMACIÓN DE D^a. ESPERANZA CARBALLO VEIGA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 533/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Esperanza Carballo Veiga presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11 de marzo de 2005, no que expón que o día 1 de marzo de 2005, camiñando pola rúa Cervantes, tivo unha caída ó tropezar nun sinal de tráfico, ocasionándose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 01/03/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Carballo relátalles a caída que tivera, sendo trasladada a continuación ó hospital; igualmente, comprobán a existencia dun pedazo dun sinal metálico que sobresaía do chan e representaba un perigo para a circulación de peóns, polo que solicitan a Bombeiros a que subsanen a anomalía.*
- *Informe do servizo de Mobilidade e Seguridade, de data 13/01/2006.*
- *Práctica de proba testifical, en data 03/03/2006, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Carballo, aínda que declara non ter constancia de que se tivesen rompido os electrodomésticos que levaba a accidentada no momento da caída.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 3.054,90 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 03/05/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- É preciso, polo tanto, en primeiro lugar, constatar a existencia dun dano efectivo, individualizado e avaliabel economicamente.

Respecto ós danos físicos da interesada, hai informe no expediente da asesoría médica do Concello que cuantifica a súa valoración en 3.055 euros.

Non obstante, solicítanse tamén reparación doutros danos como reposición de electrodomésticos, clases de danza da filla por lucro cesante, un billete de avión, así como danos morais. A este respecto, ten dito o Tribunal Supremo en numerosas sentenzas (STS 03/05/1977) que tense que probar o dito dano en todos e cada un dos casos nos que se reclama que corresponde indemnización, proba que ten que recaer no que tal indemnización reclame. E así no tocante ós electrodomésticos, achega fotografía deles na súa casa, sen que se probe a súa rotura a causa da caída, que puido ter lugar por outro concepto, e do resto reclamado, a única proba son as propias manifestacións da interesada, que polo tanto non pasan de ser unha mera tese argumental desprovista de eficacia probatoria, e que ademais non xustifica o nexo causal entre os ditos supostos danos e o funcionamento dun servizo público.

Terceiro.- No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación,

obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estrño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulacón, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

No presente suposto, constátase no expediente que na beirarrúa onde a accidentada caeu había un pedazo dun sinal metálico co que a accidentada caeu. Tamén que, tal e como testifica a testemuña proposta, era de día, había unha boa, moi boa visibilidade no momento de producirse a caída e que o trozo de sinal podía verse a bastante distancia. Por outra banda, no expediente non consta ningunha discapacidade visual na solicitante que lle impedise ver o sinal.

E o Consello Consultivo de Galicia nun suposto similar (ditame 748/2006) ten dito que o obstáculo que supón os restos do sinal na beirarrúa, ó ser ostensíbel e facilmente perceptíbel polos viandantes, sen que se constate ningunha circunstancia limitativa nestes, residencia a orixe do accidente na esfera da imputabilidade da vítima, por falta do autocontrol na propia deambulacón, ó non obrar coa dilixencia esixíbel, o que impide, polo tanto, que se vincule o funcionamento do servizo público co dano padecido.

Cuarto.- Consonte co anterior, e con independencia de non resultar acreditada a realidade de todos os danos que se reclaman, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Esperanza Carballo Veiga por unha caída ocorrida o día 1 de marzo de 2005 na rúa Cervantes, por non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

55(347).- RECLAMACIÓN DE D^a. MERCEDES DEL CARMEN MARÍA BEGOÑA SERRANO GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 537/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 20.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Mercedes del Carmen María Begoña Serrano González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 14 de marzo de 2005, no

que expón que o día 23 de febreiro de 2005, camiñando pola rúa Tranvianos, entre as avenidas Fragoso e Castrelos, tivo unha caída, por mor do mal estado do asfaltado, ocasionándose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo do Parque Central de Vías e Obras, con data 28/04/2005, indicando que no lugar do accidente atópase unha gabiá de canalización de gas en zona non apta para circulación de peóns, habendo un paso de peóns a catro metros de distancia.
- Práctica de proba testifical, con data 08/07/2005, a unha das testemuñas propostas pola reclamante.
- Informe do servizo da Policía Local, con data 23/08/2005, no que indican non teren constancia dos feitos reclamados.
- Práctica de proba testifical, con data 03/11/2005, a outra das testemuñas propostas pola reclamante, que non chegou a ver caer a Sra. Serrano.
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, con data 03/11/2005, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Constatado no expediente que Dna. Mercedes del Carmen sufriu danos a consecuencia dunha caída, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulacón, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento extraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulacón, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

No presente expediente, conséntase que a reclamante sufriu a caída ó baixar da beirarrúa, nun lugar da calzada non apto para o tránsito de peóns. E así, a ordenanza municipal do Concello de Vigo no seu artigo 10 establece que “os viandantes circularán polas beirarrúas, gardando preferentemente á súa dereita, cruzarán as calzadas polos pasos sinalizados e se non os houberse polos extremos das cuadras de casas perpendicularmente ás mesmas coa debida precaución”. No informe do servizo de Vías e Obras achegado ó expediente dise “O lugar de referencia non é apto para a circulación de peóns, existe un paso de peóns a catro metros de distancia”. Nas fotografías que se achegan obsérvanse, así mesmo, os defectos na calzada.

Atendendo ó anterior, e conforme á doutrina aplicada polo Consello Consultivo de Galicia (ditame 573/2006), a circunstancia de que a reclamante utilizase unha zona non habilitada para o tránsito peonil, exclúe a responsabilidade desta Administración, por canto a causa xeradora do dano non se atopa no deficiente funcionamento dun servizo público, senón na propia conduta da vítima, que non actuou coa dilixencia esixíbel no seu propio deambular.

Terceiro.- Consonte co anterior, e con independencia de non resultar acreditada a realidade de todos os danos que se reclaman, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Mercedes del Carmen María Begoña Serrano González por unha caída ocorrida o día 23 de febreiro de 2005 na rúa Tranviarios, por non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

56(348).- RECLAMACIÓN DE D^a. MERCEDES GARCÍA SANTA CLARA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 540/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 20.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Mercedes García Santaclara presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 17 de marzo de 2005, no que reclama danos e perdas sufridos debido a un incendio que se produciu o día 08 de marzo de 2005 nun colector situado diante do seu local, sito na rúa Camelias, número 38, queimándose un rótulo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo da Policía Local, con data 31/03/2005, indicando non teren constancia de intervención, aínda que si tivesen constancia dunha intervención do Corpo Nacional de Policía.*

- Informe do servizo de Bombeiros, con data 19/04/2005.
- Informe do Corpo da Policía Nacional, con data 29/04/2005.
- Informes do servizo de Limpeza, con datas 09/05 e 21/06/2005, nos que manifestan teren repostado un colector por incendio con data 09 de marzo, mais descoñecendo as causas do incendio.
- Informe da Oficina municipal de información ó consumidor, con data 20/07/2005.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante en data 04/10/2005, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Constatada no expediente a existencia dun dano avaliábel economicamente, a xurisprudencia do Tribunal Supremo ten reiterado que a responsabilidade da Administración ten un carácter obxectivo, isto é, configúrase como de resultado, bastando para apreciala un nexo de causalidade entre o funcionamento dun servizo público e o dano causado.

Polo tanto cómpre acreditar a concorrencia dun nexo ou relación por vinculación causal entre o dano e o funcionamento dun servizo público.

Do exame do expediente, acréditase que a causa que orixinou o incendio no ten orixe interna na propia prestación do servizo público de recollida de lixo, senón que é unha causa externa a este, e desbotada a consecuencia dunha combustión espontánea ó ser de noite, o que de todos os xeitos sería moi improbábel, parece ser que un terceiro, ben intencionada ou imprudentemente botou fogo ó colector de lixo. Neste senso, é doutrina xurisprudencial consolidada a que sostén a exoneración da responsabilidade da Administración, a pesar do seu carácter obxectivo, cando é a conduta dun terceiro a determinante do dano producido (STS 29/03/1999, 16/11/1998 entre outras; ditame do Consello Consultivo de Galicia de 08/03/2001 en suposto similar).

Terceiro.- Polo tanto, sentado que a Administración foi allea á orixe do incendio, o que así mesmo admite a solicitante, ó tratarse dun risco que procede dun terceiro, procede examinar se houbo un incumprimento desta das súas obrigas de prevención e extinción.

E así ten dito o Tribunal supremo (STS 04/05/1998), que a asunción pola Administración de determinadas competencias non a converten en responsábel de todos os feitos que de relación con elas acaezan, posto que non cabe considerar que o vixente sistema de responsabilidade patrimonial obxectiva das Administracións Públicas convirta a estas en aseguradoras universais de todos os riscos co fin de prevenir calquera eventualidade desfavorábel ou danosa derivada da actividade dos administrados, polo só feito de que exercen competencias no

sector, porque do contrario transformaríase aquel nun sistema providencialista, non contemplada no noso ordenamento xurídico.

As sentenzas do Tribunal Supremo de 07/10/1997 e 03/12/2002 residencia a relación causal no estandar de rendemento ofrecido polo servizo público para evitar situacións de risco patrimonial ós usuarios das vías públicas.

A carga da proba do dano e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo público, correspóndelle ó reclamante e a dos feitos impeditivos á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Tanto da documentación achegada pola solicitante como dos informes achegados no expediente, consta que o incendio foi detectado pola Policía Nacional, quen comenzo a extingui-lo e, requerido telefonicamente o Corpo de Bombeiros, este procedeu a sofocalo na súa totalidade, utilizando ó efecto un vehículo, un cabo, tres bombeiros e un condutor bombeiro.

Cuarto.- Consecuentemente co anterior, acreditado no expediente que a reclamante sufriu uns danos a consecuencia da actuación dun terceiro e que os servizos correspondentes da Administración actuaron con prontitude e dilixencia, procede non estimar a solicitude de responsabilidade patrimonial pola falta do nexo causal necesario entre o dano e o funcionamento dun servizo público.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Mercedes García Santaclara en relación ós danos materiais sufridos no rótulo de súa propiedade, ubicado na rúa Camelias número 38, ocasionados o día 8 de marzo de 2005, por falta do nexo de causalidade entre os danos padecidos e o funcionamento do servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

57(349).- RECLAMACIÓN DE D^a. OLGA PÉREZ DOMÍNGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 545/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Olga Pérez Domínguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 23 de marzo de 2005, no que expón que o día 8 de marzo de 2005, camiñando pola rúa Aragón, á altura do número 87, tivo unha caída, por mor dunhas lousas en mal estado, ocasionándose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 06/07/2005.

- Informe do servizo da Policía Local, con data 18/07/2005, no que indican non teren constancia dos feitos reclamados.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 21.831,85 euros.
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, con data 23/09/2005, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

E así neste sento, no expediente hai informe clínico do servizo de Traumatoloxía do Hospital Clínico que se refire á asistencia á interesada o 08/03/2005 por unha caída casual na rúa, segundo refire esta, e atención posterior, describindo as lesións que esta padeceu, así como informes médicos posteriores.

Terceiro.- A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Examinando as actuacións practicadas no expediente, dedúcese que non está debidamente xustificado o nexa causal entre a caída e o funcionamento dun servizo público, por canto:

- *Hai informe da Policía Lopcál de que non hai constancia de intervención ningunha relacionada dos feitos, e tampouco se propuxo ningunha proba testifical;*

- Tampouco hai constancia dos feitos no servizo de Vías e Obras do Concello que informa que na beirarrúa hai unha zona de desnivel, que se observa claramente nas fotografías, que son visíbeis á gran distancia, e evitábeis coa dilixencia debida. Non se observan desperfectos na beirarrúa.

O único elemento probatorio que hai no expediente son as propias declaracións da reclamante, pois no informe médico faise constar que o motivo da caída éo segundo o relato da propia accidentada, e tratándose das súas propias manifestacións a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima proba, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión exercitada (ditame Consello Consultivo de Galicia 504/2003 e 2/2005).

En definitiva, o exame da proba practicada non permite unha convicción sobre a veracidade da caída no lugar sinalado e que esta fose consecuencia do funcionamento dun servizo público, sen que corresponda ningunha responsabilidade a esta Administración.

Terceiro.- Consonte co anterior, e con independencia de non resultaren acreditados todos os danos que se reclaman, procede non estimar a pretensión e recoñecemento de responsabilidade patrimonial, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, calificando as lesións como accidente común.

Polo exposto, PROPÓNSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por Dna. Olga Pérez Domínguez por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

58(350).- RECLAMACIÓN DE D. CELESTINO UBEIRA ESTÉVEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 584/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCCSA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 20.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Celestino Ubeira Estévez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26 de abril de 2005, no que expón que o día 21 de novembro de 2004, D. Rubén Ubeira Abril conducía o vehículo de propiedade de D. Celestino, matrícula PO-3403-AP, pola rúa Jacinto Benavente e, á altura do número 27, provocáronse danos materiais na parte inferior do mesmo ó pasar por encima dun sumidoiro cuxa tapa non se atopaba correctamente colocada.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte de servizo da Policía Local, de data 21/11/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, D. Rubén Ubeira relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobán os danos no vehículo accidentado e a tapa de sumidoiro mal colocada.

- Informes do servizo de Parque Móbil, de datas 27/06/2005 e 03/03/2006, comunicando que os prezos contidos na factura nº 689 de Chapistería e Pintura Ancar Meijomil, S.L., presentada polo reclamante, por un importe de 1.339,21 euros IVE incluído, son correctos.
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, que formula alegacións con data 06/05/2006.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, en data 24/05/2006, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- En primeiro lugar, indicar que do expediente, especialmente do informe e parte do servizo da Policía Local que se persoou no lugar ó producirse o accidente, resulta acreditado que o vehículo Rover con matrícula PO-3403-AP sufriu danos a consecuencia dunha tapa de saneamento que se atopaba solta, así como os danos sufridos que se relatan no mencionado parte.

Respecto á factura que se presenta ó efecto, os prezos son estimados como correctos polo servizo do Parque Móbil do Concello. Non obstante, estímase que da cantidade de 1.339,21 euros, IVE engadido, deberíase detraer a cantidade de 65,67 euros máis IVE correspondente a “luna lateral”, por canto na póliza de seguro que se achega da compañía Mapfre o concepto de rotura de parabrisas e cristais atópase contratado.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó perxudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido a existencia dunha tapa de rexistro mal asentada.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece no artigo 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e a cláusula 116 que o concesionario asumirá a responsabilidade que lle corresponda en materia civil, administrativa e penal como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos prestados, quedando obrigado ó resarcimento dos danos e perdas que se causen a terceiros ou á propia Administración municipal. Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xunio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasionen o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, PROPÓNSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Celestino Ubeira Estévez.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 1.263 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

59(351).- RECLAMACIÓN DE D. JAVIER ROMERO FERNÁNDEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 469/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 22.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Javier Romero Fernández presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 19 de xaneiro de 2005 no que expón que o día 16 de novembro de 2004, ó circular co vehículo de súa propiedade, con matrícula 9090-BVT, pola avenida do Aeroporto, á altura do número 50, colisionou cun prancha de madeira que se atopaba na calzada e que se levantou ó pasar o vehículo que lle precedía, polo que sufriu danos materiais que cuantifica en 1.192,14 euros.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 16/11/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Romero relátalles o accidente que tivera; igualmente, comprobamos os

danos no vehículo e a existencia da prancha de madeira, que fora desprazada polo vento e que colocan nun colector de lixo dos arredores.

- Informe do Parque Móbil, de 25/04/2005, comunicando que os prezos contidos no presuposto nº 917 de Talleres Mariñas, S.L., presentado polo reclamante, por un importe de 1.192,14 euros IVE incluído, son correctos.
- Informe do Inventario Municipal, con data 13/06/2005.
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, con data 23/06/2005, que non formula alegacións.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 19/02/2007, no que indican que o mantemento do vial onde ocorreu o accidente, na data do mesmo, era competencia do Concello de Vigo.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Así mesmo, a xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 11/02/1997), así como a doutrina do Consello Consultivo de Galicia entenden que o deber de vixilancia non pode exceder do que sexa razoabelemnte esixíbel polo principio de confianza en atención ó deber da Administración de manter as estradas abertas en condicións tales que a seguridade dos usuarios estea garantida, suposto nos que non se inclúe a esixencia dunha vixilancia tan intensa que faga compatíbel con ela o transcurso dun lapso de tempo, sequera mínimo, entre a incidencia que altera o estado normal da vía e a superación das consecuencias desta.

Terceiro.- A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e

realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

En primeiro lugar, tense que determinar se hai ou non un dano e se este é avaliábel economicamente. Do presuposto que o reclamante achega, obsérvanse uns danos que son obxecto de reparación e que, non obstante, no que a respecta a un faro dianteiro, faro antinebla e reixa, obxecto de reposición, non se mencionan no parte de servizo da Policía Local, que se incorpora como proba do accidente ó expediente, xa que neste a Policía local, unha vez persoada no lugar a requirimento do interesado, e segundo as súas manifestacións, recolle que se afectou á defensa, aleta e capó, que resultaron rascados.

O reclamante manifesta que os feitos acaeceron cando un vehículo que circulaba diante del levantou unha táboa que se atopaba na vía, ocasionándolle os mencionados danos. Se ben a Policía local visionou unha táboa que botou ó lixo, non hai ningunha testemuña dos feitos, nin de que fora a táboa a que precisamente ocasionase os danos no vehículo.

De todos os xeitos, a circunstancia de que se atopase unha táboa na vía parece ser obra dun terceiro, por canto non hai constancia de obras nela, e o propio reclamante é quen di que un vehículo descoñecido foi quen ó circular levantou a dita táboa golpeando esta o seu vehículo.

A intervención no feito consonte do accidente de terceiros descoñecidos e alleos á Administración, que ocasionaron consciente ou inconscientemente a situación de perigo xeradora do dano, fai que non se poida imputar á Administración ningún incumprimento ds súas obrigas, por canto tanto a caída da táboa, como que un vehículo a desprace co seu circular, pódese producir de xeito tan repentino como impensábel, e polo conseguinte falla o nexo causal entre o dano padecido e o actuar da Administración no mantemento do servizo público de viais.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Javier Romero Fernández, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

60(352).- RECLAMACIÓN DE D. JULIO FERNÁNDEZ GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 578/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 22.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Julio Fernández González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 25 de abril de 2005, no que expón que o día 17 de marzo de 2005, camiñando pola avenida Castela, á altura do número 51, tivo unha caída por mor dunhas baldosas do pavimento que se atopaban levantadas, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 17/03/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Fernández relátalles o accidente que tivera horas antes; igualmente comprobán a existencia de dúas baldosas en mal estado.
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 07/10/2005.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 2.472,76 euros.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante en data 13/01/2006, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduce na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectividade dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Non hai informe da Policía Local nin de ningunha testemuña da realidade da caída no lugar que se indica. O informe da Policía Local refire que se persoo no lugar a instancia do reclamante ás 16:30 horas, cando este manifesta que o accidente se produciu ás 13 horas.

De todo o anterior, resula que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións do interesado, de que o accidente ocorreu no lugar e nas circunstancias que el indica, por canto non houbo testemuñas directas dos ditos feitos, polo que, como ten dito o Consello Consultivo de Galicia en suposto similar (ditame nº 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada.

Cuarto.- Con independencia do anterior, tampouco resultaron acreditados todos os danos que o interesado reclama, por canto das lentes rotas soamente achega unha factura dunha data moi anterior e isto non proba nin que se romperon nin que fose na data e lugar indicados. Non ten relación directa cos feitos a asistencia domiciliar dunha empregada de fogar, que tampouco se acredita, e en todo caso esta Administración é allea á operación á que se someteu a súa esposa.

Quinto.- Non acreditados polo tanto nin a caída no lugar sinalado, nin todos os danos que se refiren, nin que fosen a consecuencia do normal ou anormal funcionamento dun servizo público, non resulta acreditado o nexo causal entre as lesións que o reclamante presenta e o dito funcionamento.

Polo exposto, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Julio Fernández González por unha caída ocorrida o día 17 de marzo de 2005 na avenida Castela, por non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

61(353).- RECLAMACIÓN DE D^a. CRISTINA GÓMEZ SOTO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 576/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 22.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Cristina Gómez Soto presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 22 de abril de 2005, no que expón que o día 14 de xullo de 2004, a bodega sita na no edificio da rúa Barcelona nº 32 da que é propietaria sufriu unha inundación por mor da rotura dunha tubería de abastecemento público e, ó intentar acceder á súa propiedade, sufriu unha caída producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, con data 10/10/2005, no que indican que os empregados que realizaban os traballos de limpeza advertiron á Sra. Gómez sobre o perigo de entrar no garaxe inundado.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 2.951,60 euros.
- Evacúase trámite de audiencia á concesionaria Aqualia, que formula alegacións con data 22/12/2005
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 04/01/2006, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. Unha vez determinado que hai un dano e que este está avaliado economicamente, cómpre determinar a existencia da relación de causalidade entre o dito dano e o funcionamento dun servizo público.

Entre os servizos públicos que a lei encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.11 e 26.1.a da Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local). O Pleno do Concello de Vigo outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento e saneamento de augas de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-Focsa (agora Aqualia-FCC S.a.) por un prazo de 25 anos, que se contarán a partir do 01/01/1991. O prego de condicións da dita concesión administrativa establece na súa cláusula 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e a conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e a cláusula 116 que o concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia normal ou anormal dos servizos prestados, quedando obrigado ó resarcimento de todos os danos e perds que se lle causen a terceiros.

Non obstante, o artigo 123 da Lei de expropiación forzosa de 16/12/1954 establece que cando se traten de servizos concedidos por unha administración, a reclamación dirixirse á que outorgou a concesión, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen a debe pagar.

Terceiro.- Partindo da sinalada obriga de servizo público que asume a administración, cómpre analizar as concretas circunstancias que puideron determinar o accidente.

E así, das propias manifestacións da reclamante, así como informe emitido por Aqualia, con fecha de entrada 10/10/2005, resulta acreditado que en data 14/07/2004 produciuse a rotura dunha tubería de abastecemetno que afectou ó garaxe do seu edificio e a súa bodega, así como que a concesionaria indemnizou os danos materiais que se produciron.

O día 19/07/2004, a empresa atopábase realizando a limpeza do garaxe e bodegas que se atoparon inundados, e que no momento de acceder a interesada ó interior, a consecuencia dunha gran cantidade de auga estancada, Dna. Cristina Gómez Soto caeu e lesionouse. A empresa Aqualia informa que os operarios intervinientes, como é norma, advertiron expresamente ós propietarios de que non entrasen no garaxe en tanto se realizaban as labores de desbarre e baldeo, dado o evidente risco de caída.

Resulta acreditado polo tanto que a cantidade de auga estancada era ben visíbel, que a propia reclamante coñecía que non era unha situación propicia para acceder á súa bodega, sen que a empresa concesionaria descuidase as súas obrigas de mantemento e reparación dos desperfectos causados, cuestión que nin sequera se cuestiona no procedemento, por todo o que se pode concluír que foi a propia negligencia da vítima a que propiciou a súa caída, ó non controlar o seu propio deambular.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Cristina Gómez Soto por unha caída ocorrida no garaxe sito na rúa Barcelona número 32, o día 14 de xullo de 2004, por non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

62(354).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARÍA ANTONIA ORTEGA RODRÍGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 562/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 22.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María Antonia Ortega Rodríguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 13 de abril de 2005, no que expón que o día 7 de abril de 2005, camiñando pola rúa Xílgaro, á altura do número 15, tivo unha caída por mor dun obstáculo na beirarrúa, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 11/05/2005, sobre o estado da beirarrúa onde ocorreu o accidente, indicando que a zona en mal estado era visíbel a unha distancia de 10 metros.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 625,29 euros.*

- Parte do servizo da Policía local, con data 07/04/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Ortega relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobán como esta sangraba polo nariz e a existencia do desperfecto na beirarrúa.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante con data 26/08/2005, que non formula alegacións.
- Cítase proba testifical para o 09/08/2006 á testemuña proposta, que non comparece á citación.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- En primeiro lugar, cómpre constatar a existencia dun dano avaliábel economicamente. E así, tanto da documentación médica, achegada como informe da asesoría médica do Concello resulta acreditado que a reclamante sufriu unha fractura de ósos sen desprazamento no nariz, lesión que se valora en 625,29 euros, se ben reclámase tamén pola rotura de dous dentes, non hai acreditación de lesión dental ningunha e soamente achégase un presuposto de prótese bucal de 21/04/2004 que non acredita nin a dita lesión nin que se producise no lugar e circunstancias que se indican. Tampouco é suficiente proba da rotura dun reloxo a copia dunha factura de compra do 14/10/2003.

No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento extraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a

actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Son feitos probados no expediente:

- Do parte do servizo da Policía Local, que requeridos ó efecto e persoados na rúa Xilgaro número 17, observaron a unha muller sangrando polo nariz, que identifican como a reclamante e que manifesta que tropezou cun resalte de 40 centímetros aproximadamente, caendo ó chan e contusionándose o nariz.
- Do informe do servizo de Inspección de Vías e Obras do Concello, que achega fotografías, no que se di que o tramo da beirarrúa ó que se refire o expediente ten 1,3 x 4 metros, que pola ubicación e tamaño pode visualizarse a 10 metros de distancia, como mínimo, así como que as cotas de beirarrúa son moi irregulares e están condicionadas polas características da rúa, entradas de garaxes, escaleiras, portais e sotos.
- Non hai testemuñas dos feitos, por canto o mencionado no parte da Policía Local, citado ó efecto, non compareceu.

De todo o anterior, resulta que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións da interesada, de que o accidente ocorreu no lugar e nas circunstancias que ela indica, xa que no expediente non hai testemuñas directas dos feitos e se ben a Policía Local cando acode ó requirimento feito, observa a reclamante sangrando polo seu nariz, pero as circunstancias nas que se produciu o accidente son as que lle manifesta a mesma.

Por outra banda, se ben no seu escrito inicial a reclamante afirma que o obstáculo está bastante camuflado na beirarrúa, o certo é que consonte co informe do servizo de Vías e Obras e as fotografías que achega a elevación da beirarrúa na zona que se di ocupa un espazo de 1,30 x 4 metros, pode visualizarse a unha gran distancia e a reclamante é unha persoa de mediana idade da que non consta ningunha discapacidade que lle permitise a súa percepción, polo que consonte coa doutrina mencionada do Consello Consultivo de Galicia a reclamación de responsabilidade tería que ser desestimada por falta de control da propia deambulación.

Cuarto.- En consecuencia, e con independencia de non resultaren acreditados todos os danos que se reclaman, procede desestimar a responsabilidade da Administración ó non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María Antonia Ortega Rodríguez por unha caída ocorrida o día 7 de abril de 2005 na rúa Xilgaro, por non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

63(355).- RECLAMACIÓN DE D. CESAR A. OUTERELO GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 553/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 21.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. César A. Outerelo González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación de D. José Manuel Domínguez González, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 7 de abril de 2005, no que expón que o día 26 de decembro de 2004, o Sr. Domínguez Circulaba coa

motocicleta de súa propiedade, matrícula C-8405-BGV, pola rúa Ramiro Pascual e, á altura do número 25, esvarou por mor do mal estado da vía con cascallo e sen ningún tipo de sinal de advertencia do estado da mesma, producíndose tanto danos físicos á súa persoa como danos materiais ó ciclomotor.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 26/12/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Domínguez relátalles o accidente que tivera; así mesmo, comprobán a existencia de cascallo na vía e dos danos materiais na motocicleta e danos físicos no Sr. Domínguez.
- Informe do Parque Móbil, de data 06/05/2005, comunicando que os prezos contidos no presuposto nº P0000120 de Moto Manía, presentado polo reclamante, por un importe de 660,68 euros IVE incluído, son correctos.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 06/06/2005, indicando que o vial de referencia estaba xestionado pola Excelentísima Deputación de Pontevedra.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante con data 29/07/2005, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- No informe do servizo de Vías e Obras (do Parque central do Concello), de data 06/06/2005, dise que “O vial de referencia está xestionado pola Excelentísima Deputación de Pontevedra. Na actualidade estanse levando a cabo obras de urbanización do mesmo”.

Polo exposto e sen entrar a valorar o fondo do asunto, PROPOÑO:

“Desestimación da reclamación formulada por D. César A. Outerelo González, en nome e representación de D. José Manuel Domínguez González, por canto o Excmo. Concello de Vigo carece de competencia para a resolución do correspondente procedemento de responsabilidade patrimonial ó non ser nin o titular da vía onde ocorreu o sinistro, nin ter asumido título competencial ningún respecto ó mantemento e conservación da mesma.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

64(356).- RECLAMACIÓN DE D^a. PAULA CRESPO ALONSO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 551/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 21.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Paula Crespo Alonso presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 14 de febreiro de 2005, no que expón que o día 14 de xaneiro de 2005, camiñando pola rúa Penís, tivo unha caída por mor dunha focha, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 07/03/2005, sobre o estado da beirarrúa onde ocorreu o accidente, indicando que a zona en mal estado era visíbel a longa distancia e evitábel gardando a dilixencia debida.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.026,94 euros.*
- Práctica de proba testifical, con data 24/08/2005, ás testemuñas propostas pola reclamante.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante con data 20/09/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do

Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulacón, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- O día 14 de xaneiro de 2005 a reclamante sufriu, segundo o parte do servizo de Urxencias do Sergas, unha lesión con diagnóstico de escordadura de tornecelo dereito, que a Asesoría médica do Concello, no seu ditame, valora en 1.026,94 euros.
- No lugar onde a reclamante manifesta que ocorreu o accidente, de conformidade co informe solicitado ó efecto ó servizo de Vías e Obras do Concello, así como fotografías que hai no expediente, os defectos da beirarrúa son visíbeis a longa distancia, a máis de 10 metros e evitábeis gardando a dilixencia debida.
- De conformidade coa proba testifical practicada a dous familiares da solicitante, ó lugar dos feitos non acudiu a policía local, e eles non a viron caer, senón que a atenderon con posterioridade.
- Se ben nun primeiro momento, en escrito de data 02/02/2005, Dña. Paula Crespo di que camiñando pola beirarrúa que hai na rúa Penís introduciu un pé nunha focha que había nela, en escrito posterior de 01/03/2005, di que un coche que subía fixo que tivese que botarse á esquerda con tal mala sorte que o pé dereito non había beirarrúa onde apoialo porque no seu lugar había unha focha.

De todo o anterior, resula que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións da interesada, de que o accidente ocorreu no lugar e nas circunstancias que ela indica, circunstancias nas que por certo se contradi nos seus escritos, por canto non houbo testemuñas directas dos ditos feitos e en informe médico refírese a unha caída na beirarrúa segundo refírese a paciente, polo que, como ten dito o Consello Consultivo de Galicia en suposto similar (ditame nº 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada.

En todo caso, e sen prexuízo do anterior, os defectos da beirarrúa son visíbeis e patentes a unha longa distancia, e na reclamante non consta ningún defecto físico que lle impedise a súa percepción, polo que de conformidade coa doutrina mencionada do Consello Consultivo de Galicia, así como Tribunal Supremo, a súa petición de indemnización tería que ser desestimada, por falta de control da propia deambulacón. A isto non sería óbice que no incidente participase un terceiro, isto é, un vehículo cunha manobra incorrecta, por canto é doutrina xurisprudencial consolidada a que sostén a exoneración da responsabilidade da Administración, a pesar do seu carácter obxectivo, cando é a conduta dun terceiro a determinante do dano producido (STS 29/03/1999, 16/11/1998, entre outras).

Cuarto.- Consonante co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Paula Crespo Alonso por unha caída ocorrida o día 14 de xaneiro de 2005 na rúa Penís, por non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

65(357).- RECLAMACIÓN DE D. OSCAR FERNÁNDEZ VILLAR DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 548/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Óscar Fernández Villar presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 31 de marzo de 2005, no que expón que o día 15 de marzo de 2005 circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula 3726-BSM, pola Gran Vía e provocou danos materiais na parte inferior do mesmo ó pasar por encima dun sumidoiro que tiña a reixa levantada, ó pasar polo túnel da praza de España.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo da Policía Local, con data 11/04/2005, no que indican non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 10/05/2005, indicando que o mantemento dos enreixados de augas pluviais é competencia da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas.*
- Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, con data 18/07/2005.*
- Informe do Parque Móbil, de 21/07/2005, comunicando que os prezos contidos na factura nº C204620 de Talleres Rodasco, S.A., presentada polo reclamante, por un importe de 127,99 euros IVE incluído, son correctos.*
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, que formula alegacións con data 19/10/2005.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 31/08/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

No expediente conséntase un dano no vehículo 3726-BSM, do que é propietarioi D. Óscar Antonio Fernández Villar, avaliado economicamente pola factura de data 16/03/2005, que emite un taller de reparación.

